



CONCELLO DE BECERREÁ

R. E. L. nº 01270060—C. I. F.: P-2700600-F
Praza do Concello s/n-27640-Becerreá (Lugo)

Expediente nº: 870/2024.

Asunto: Prego de cláusulas administrativas particulares.

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE HA DE REXER NO CONTRATO DE SERVIZOS PARA O DE LIMPEZA DO CEIP SAN XOÁN DE BECERREÁ, CENTRO DE SERVIZOS SOCIAIS E OUTRAS INSTALACIÓNS MUNICIPAIS, A ADXUDICAR POR PROCEDIMENTO ABERTO.

CLÁUSULA 1ª. Réxime Xurídico.

O contrato a realizar cualifícase como contrato de servizos, de conformidade co establecido no artigo 17 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que setraspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

A presente contratación ten carácter administrativa, e rexeráse en todo o non previsto especialmente neste prego de condicións polo disposto nas seguintes normas, sen prexuízo doutras normas de igual ou inferior rango que as modifiquen ou complementen:

- Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello de 26 de febreiro de 2014 sobre Contratación Pública e pola que se derroga a Directiva 2004/18/CE.
- Regulamento de Execución (UE) 2016/7 da Comisión, de 5 de xaneiro de 2016, polo que se establece o formulario normalizado do documento europeo único de contratación.
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que setraspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante, LCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.
- Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado mediante Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro (en adiante, RXLCAP).

Supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, na súa falta, as de dereito privado.

No caso de que o contrato implique tratamento de datos de carácter persoal ou o acceso da empresa contratista ou subcontratista a datos dese carácter, estarase ó disposto na Disposición adicional vixésimo quinta da LCSP, en relación con a Disposición Derrogatoria Única da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembre, de Protección de Datos Persoais y garantía dos dereitos dixitais.

O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, o Prego de Prescricións Técnicas Particulares e demais documentos anexos, revestirán carácter contractual. Os contratos axustaranse ao contido do presente prego, cuxas cláusulas se considerarán parte integrante dos respectivos contratos.





CONCELLO DE BECERREÁ

R. E. L. nº 01270060—C. I. F.: P-2700600-F
Praza do Concello s/n-27640-Becerreá (Lugo)

En caso de discordancia entre o presente prego e calquera do resto dos documentos contractuais, prevalecerá o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, no que se conteñen os dereitos e obrigas que asumirán as partes do contrato.

O descoñecemento da normativa vixente, do presente prego, do contrato, dos seus documentos anexos ou das instrucións ou normas de toda índole aprobadas pola Administración que poidan ser de aplicación na execución do pactado, non eximirá á persoa contratista da obriga do seu cumprimento.

CLÁUSULA 2ª. Obxecto e necesidade do contrato

O presente contrato ten por obxecto a prestación do servizo de limpeza no CEIP San Xoán e no Centro de Servizos Sociais así como noutras instalacións e dependencias municipais, de conformidade coas características técnicas descritas no prego de prescricións técnicas que rexen a licitación.

A razón que xustifica a contratación deriva das seguintes consideracións: O Concello de Becerreá ata o de agora ven de sufragar a limpeza do CEIP San Xoán de Becerreá mediante un contrato de servizos finzalizado. Independentemente de que son varias as dúbidas sobre a obriga do Concello de asumir en concreto a limpeza dos centros, pois parece que as obrigas legais se limitan á súa conservación e mantemento (obras menores con finalidade exclusivamente conservativa) é de interese da corporación facer as xestións que sexan precisas para que os veciños e veciñas do Concello reciban un servizo tan importante no contexto do Estado Social consagrado na Constitución Española como o educativo, en niveis óptimos de calidade ao que hai que engadir a importancia que no contexto que vivimos ten a limpeza dos edificios de uso público en xeral.

En último termo a prestación deste servizo obedece á necesidade de satisfacer as demandas dos propios veciños facendo atractivo o residir no medio rural, diminuíndo no posible as diferenzas existentes cos entornos poboacionais urbáns.

O Concello de Becerreá presenta unha insuficiencia de recursos humanos propios para facer fronte a dita necesidade.

2.1. Características do obxecto do contrato:

Obxecto: prestación do servizo de limpeza de edificios públicos.

A codificación da nomenclatura de vocabulario común de contratos públicos (CPV), recollida no Regulamento (CE) 213/2008 da Comisión, de 28 de novembro de 2008 é a seguinte:

- 90910000-9 Servizos de limpeza.
- 90920000-2 Servizos de hixienización de instalacións

2.2. Condicións técnicas dos servizos:



De conformidade co prego de prescricións técnicas particulares.

2.3. División en lotes do obxecto do contrato

A natureza ou obxecto do contrato non permiten a súa división en lotes. Polo tanto, en aplicación do artigo 99.3 da LCSP, non se realiza a división en lotes, configurándose o obxecto do contrato como único e integral, xustificándose no feito de que a realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificultaría a correcta execución do mesmo. Os servizos para realizar teñen para o Concello unha conexión material patente, que non se limita a ser meramente subxectiva e cuxo alcance e dimensións afasta de toda lóxica a división en lotes do servizo. Tal división implicaría para o persoal de dirección unha falta de capacidade de organización do servizo. A división implicaría a necesidade de contratar unha figura intermedia para a coordinación entre empresas que incrementaría o custo do servizo.

CLÁUSULA 3ª. Órgano de contratación

De conformidade coa Disposición adicional segunda da LCSP, para o presente contrato o órgano de contratación é o ALCALDE ao non superar o valor estimado do contrato o 10 % dos recursos ordinarios do orzamento, que para o ano 2024 acadan o importe de **2.726.139,40 euros**, ascendendo ese 10 % á cifra de **272.613,94 €**.

De conformidade co previsto no artigo 62 da LCSP, a Directora do Centro de Sercizos Sociais do Concello de Becerreá se designa polo órgano de contratación como **responsable do contrato** á que lle corresponderá supervisar a execución do contrato coas, entre outras, seguintes funcións:

- Seguimento pormenorizado da execución do contrato si a empresa adxudicataria estivera incurso en presunción de anormalidade (149.7 LCSP).
- Propoñer penalidades cando así sexa de aplicación (194.2 LCSP).
- Informar de retrasos e demoras conforme á planificación e prazos contemplados no contrato (195.2 LCSP).
- Seguimento das melloras ofertadas no proceso de licitación e que han de quedar incorporadas ao contrato de ser o caso. (198 LCSP).
- Seguimento das condicións especiais de execución cando así se incluíran na licitación. (202 LCSP).
- Coñecer o inventario posto da disposición do adxudicatario, o seu estado de conservación e obrigas de substitución, de ser o caso.
- Tomar coñecemento do Plan de Vacacións que presente o contratista.
- Propoñer as modificacións que fora preciso introducir no contrato.
- Conformar as correspondentes facturas.
- Tramitar as incidencias que se produzan durante a execución do contrato.
- Interpretar o Prego de Prescricións Técnicas e demais condicións técnicas establecidas no contrato o unas disposicións oficiais.
- Esixir a existencia dos medios e organización necesarios para a prestación dos servizos en cada unha das súas fases.
- Dar as ordes oportunas para lograr os obxectivos do contrato.

CLÁUSULA 4ª. Procedemento de adxudicación





CONCELLO DE BECERREÁ

R. E. L. nº 01270060—C. I. F.: P-2700600-F
Praza do Concello s/n-27640-Becerreá (Lugo)

O contrato adxudicarase polo **PROCEDIMENTO ABERTO**, no que todo empresario interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores, de acordo co artigo 156 da LCSP.

A adxudicación do contrato realizarase empregando unha pluralidade de criterios de adxudicación segundo o disposto na **cláusula 13ª do presente prego** (artigo 145.3 g) LCSP)

CLÁUSULA 5ª. Orzamento base de licitación e valor estimado do contrato.

Para a determinación destas magnitudes elaborouse un estudo económico cunha análise da estrutura de gastos e ingresos tendo en conta as disposicións contidas na lexislación vixente así como as medidas económicas, que en materia salarial, foron aprobadas no CONVENIO COLECTIVO PROVINCIAL PARA O SECTOR DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E LOCAIS DE LUGO. B.O.P. de Lugo nº 246 do XOVES, 26 DE OUTUBRO DE 2023 de ámbito sectorial.

O Orzamento Base de Licitación resultante, para dúas anualidades (24 meses) é o seguinte: **116.594,50 €**, **co IVE incluído** (96.359,09 € sen IVE, máis 20.235,41 € correspondentes de IVE). Polo que o Importe anual, con IVE é de 58.297,25 €. Importe anual, sen IVE: 48.179,55 €.

Serán desestimadas a ofertas que superen dito orzamento base de licitación.

A imputación anual máxima será a seguinte:

Ano 1: $48.179,55 + 10.117,70 = 58.297,25$
Ano 2: $48.179,55 + 10.117,70 = 58.297,25$
Ano 3: $48.179,55 + 10.117,70 = 58.297,25$ (prórroga)
Ano 4: $48.179,55 + 10.117,70 = 58.297,25$ (prórroga)

Se engaden dous anos máis de posible prórroga.

Os importes desglosados contéñense na memoria xustificativa e económica do contrato.

Estes cálculos teñen en conta a anualidade media e, polo tanto, supoñen unha estimación aplicable a tódolos anos de contrato.

Aos efectos previstos no artigo 101 da LCSP, o valor estimado resulta de sumar o importe fixo do contrato (dous anos), mais a prórroga posible, e o importe de eventuais ampliacións, ata un máximo do 20% sobre o importe fixo, e sen IVE.

Polo tanto: $96.521,34 \text{ €}$ (custo sen IVE dos dous anos de contrato) + $103.100,09 \text{ €}$ (Custo das posibles prórrogas) + $19.304,27 \text{ €}$ (20% de $96.521,34 \text{ €}$) = **218.925,70 €** sen IVE.

CLÁUSULA 6ª. Existencia de crédito

As obrigas económicas do contrato abonaranse con cargo ás aplicacións orzamentarias do estado de gastos do Orzamento Municipal correspondente ao exercicio en que se execute seguintes:





CONCELLO DE BECERREÁ

R. E. L. nº 01270060—C. I. F.: P-2700600-F
Praza do Concello s/n-27640-Becerreá (Lugo)

2311.22799	Centro Social. Outros traballos realizados por outras empresas e profesionais
312.22799	Centro de saúde. Outros traballos realizados por outras empresas e profesionais
323.22799	Funcionamiento centro preescolar, primaria especial (CEIP). Outros traballos realizados por outras empresas e profesionais
920.22799.	Administración Xeral. Outros traballos realizados por outras empresas e profesionais
3321.22799	Telecentro. Outros traballos realizados por outras empresas e profesionais

En consonancia co carácter plurianual do gasto e os compromisos de gasto para exercicios futuros, a Corporación asume o compromiso de incluír nos Orzamentos dos exercicios 2025 e seguintes os importes correspondentes a cada anualidade.

O contrato finánciase con fondos propios si ben anualmente a Consellería de Política Social aporta a cantidade global anual para o mantemento do Centro de Servizos Sociais.

CLÁUSULA 7ª. Prazo de execución e prórroga

O contrato terá un prazo de vixencia de **DOUS (2) ANOS**, contados a partires da data da acta de inicio do servizo asinada polo representante do Concello e da adxudicataria, podendo prorrogarse polo concello anualmente por período de **DOUS (2) ANOS máis**.

A prórroga poderá solicitarse polo adxudicatario ao concello, no prazo máximo de tres meses antes do remate do prazo dos dous anos, debendo pronunciarse expresamente o concello sobre a mesma, realizándose esta nos mesmos termos que o contrato inicial.

En calquera caso a prórroga se acordará polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu preaviso se produza a lo menos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato, realizándose esta nos mesmos termos que o contrato inicial.

A garantía definitiva constituída inicialmente aplicarase ao período de prórroga sen que sexa necesario reaxustar a súa cuantía.

No caso de que non se solicitase ou non fose outorgada polo concello por non existir acordo, darase por rematado o contrato sen que deste feito en concreto poida derivarse a indemnización por danos e prexuízos.

O adxudicatario comprométese, aínda que finalizara a vixencia do contrato e sempre que a Administración llo requira expresamente, a seguir prestando os servizos en idénticas condicións que as do contrato orixinal, durante o tempo indispensable para que se poida asegurar a continuidade na prestación dos servizos ata que se produza a nova adxudicación.



Neste caso, en atención á natureza imprevisible desta prórroga, non se tomará en consideración a efectos de fixar o valor estimado, nin será de aplicación a obriga de preaviso antes referida.

As prestacións que conforman o obxecto do contrato levaranse a cabo ininterrompidamente durante o prazo de vixencia do contrato.

CLÁUSULA 8ª. Condicións especiais de execución

As condicións especiais de execución para este contrato, de conformidade co artigo 202 da LCSP, son as seguintes:

Garantir a seguridade e a protección da saúde no lugar de traballo e o cumprimento dos convenios colectivos sectoriais e territoriais aplicables.

A acreditación do cumprimento das condicións especiais de execución require informe do Responsable do Contrato.

CLÁUSULA 9ª. Réxime de revisión de prezos

De conformidade co artigo 103 da LCSP e tendo en conta o prazo de execución do contrato, **non procede a revisión de prezos.**

Ademais da improcedencia atendendo ao prazo de duración do contrato, sinálanse dúas motivacións máis que xustificana. A revisión de prezos constitúese en mecanismo de retribución de riscos entre os operadores económicos partindo da premisa de que a Administración Pública háxase sempre en mellor situación que o empresario para asumir os riscos derivados das fluctuacións dos prezos. Esta premisa non pode manterse tendo en conta a esixencia derivada da CE e da lexislación en materia de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira que obriga en concreto ás Entidades locais ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, límite de débeda e principalmente regra de gasto que lle impide aumentar anualmente o importe das obrigas recoñecidas máis aló da escasa porcentaxe que cada ano fixe o Estado en relación a taxa de referencia do crecemento do PIB a medio prazo. Igualmente motiva a improcedencia da revisión de prezos o feito de que no actual contexto de crise económica con risco de deflación na zona euro, non ten tanta incidencia o mecanismo da revisión de prezos no risco financeiro que asume o empresario como derivado de dita fluctuación de prezos.

CLÁUSULA 10ª. Capacidade para contratar

Poderán optar á adxudicación do presente contrato as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, a título individual ou en unión temporal de empresarios, que teñan plena capacidade de obrar, que non se atopan culpables nas prohibicións e incompatibilidades para contratar coa Administración establecidas no artigo 71 da LCSP e que acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica, conforme ao establecido nos artigos 86, 87 e 90 da LCSP.

Ademais, as empresas adxudicatarias deberán ser persoas físicas ou xurídicas cuxa finalidade ou actividade teña relación directa co obxecto do contrato e dispoñer dunha





CONCELLO DE BECERREÁ

R.E.L. nº 01270060—C.I.F.: P-2700600-F
Praza do Concello s/n-27640-Becerreá (Lugo)

organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato.

Os empresarios deberán contar así mesmo coa habilitación empresarial ou profesional que, no seu caso, sexa esixible para a realización da actividade ou prestación que constitúa o obxecto do contrato. Neste caso se considera habilitación profesional a titulación/cualificación esixida no PPT. No caso de que os licitadores dispoñan da correspondente clasificación, a habilitación entenderase integrada dentro da mesma. (Resolución do TACRC Nº 727/2016).

As empresas estranxeiras non comunitarias deberán reunir ademais os requisitos establecidos no artigo 68 da LCSP.

No relativo á **clasificación** estarase neste contrato ao disposto no Título II Capítulo II do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

O artigo 74.1 da LCSP senta que para celebrar contratos co sector público, os empresarios deberán acreditar estar en posesión das condicións mínimas de solvencia económica e financeira e profesional ou técnica que se determinen polo órgano de contratación. Este requisito será substituído polo da clasificación, cando esta sexa esixible conforme ao disposto nesta Lei.

Non entanto, o artigo 77.1.b) da LCSP, senta que:

b) Para os contratos de servizos non será esixible a clasificación do empresario. No anuncio de licitación ou na invitación para participar no procedemento e nos pregos do contrato estableceranse os criterios e requisitos mínimos de solvencia económica e financeira e de solvencia técnica ou profesional tanto nos termos establecidos nos artigos 87 e 90 da Lei como en termos de grupo ou subgrupo de clasificación e de categoría mínima esixible, sempre que o obxecto do contrato estea incluído no ámbito de clasificación dalgún dos grupos ou subgrupos de clasificación vixentes, atendendo para iso ao código CPV do contrato, segundo o Vocabulario común de contratos públicos aprobado por Regulamento (CE) 2195/2002, do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de novembro de 2002.

En tales casos, o empresario poderá acreditar a súa solvencia indistintamente mediante a súa clasificación no grupo ou subgrupo de clasificación e categoría de clasificación correspondentes ao contrato ou ben acreditando o cumprimento dos requisitos específicos de solvencia esixidos no anuncio de licitación ou na invitación para participar no procedemento e detallados nos pregos do contrato. Se os pregos non concretasen os requisitos de solvencia económica e financeira ou os requisitos de solvencia técnica ou profesional, a acreditación da solvencia efectuarase conforme aos criterios, requisitos e medios recolleitos no segundo inciso do apartado 3 do artigo 87, que terán carácter supletorio do que respecto diso dos mesmos fose omitido ou non concretado nos pregos.

Así pois e de conformidade co disposto no artigo 77.1.b) da LCSP, non se esixe clasificación, se ben a solvencia dos licitadores poderá acreditarse indistintamente ben mediante os medios de solvencia que se indican de seguido, ben mediante a acreditación de estar clasificado de acordo co seguinte:





CONCELLO DE BECERREÁ

R. E. L. nº 01270060—C. I. F.: P-2700600-F
Praza do Concello s/n-27640-Becerreá (Lugo)

Grupo	Subgrupo	Categoría
U)	1	2

Grupo U Servizos Xenerais.

Subgrupo 1 Servizos de Limpeza en xeral.

Categoría 2 Anualidade media superior a 150.000 € e inferior a 300.000 €

No relativo aos **critérios de solvencia**, os mesmos foron escollidos co obxecto de asegurar a correcta execución do contrato por unha empresa coa cualificación suficiente para a prestación adecuada do servizo.

Segundo o disposto nos artigos 87 e seguintes da LCSP, a solvencia económica, financeira e técnica quedará acreditada coa correspondente clasificación ou inscrición no ROLECE, ou no Rexistro Oficial da correspondente da Comunidade Autónoma. De non constar nos correspondentes Rexistros, a solvencia acreditarase por calquera dos seguintes medios:

A **solvencia económica e financeira** acreditarase por calquera dos seguintes medios:

- a) Volume anual de negocios, ou ben volume anual de negocios no ámbito ao que se refira o contrato, referido ao mellor exercicio dentro do tres últimos dispoñibles en función das datas de constitución ou de inicio de actividades do empresario e de presentación das ofertas por importe igual ou superior ao valor estimado do contrato.
 - Acreditarase mediante a **achega das súas contas anuais** aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivese inscrito neste rexistro, e en caso contrario polas depositadas no rexistro oficial en que deba estar inscrito. Os **empresarios individuais** non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus **libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil**.
- b) Xustificante da existencia dun seguro de responsabilidade civil por riscos profesionais por importe igual ou superior a 500.000,00 €. Considerarase acreditada a solvencia se o seguro cobre riscos profesionais por un mínimo anual igual ou superior ao valor estimado do contrato.
 - Acreditarase mediante **achega de póliza ou certificado de seguros por riscos profesionais**.

A **solvencia técnica e profesional** acreditarase, de acordo co artigo 90 da LCSP, por algún seguintes medios:

- a) Relación da prestación de servizos executados no curso dos tres últimos anos, avalada por certificados de boa prestación. Estes certificados indicarán o **importe**, as **datas** e o **lugar de prestación dos servizos** e **precisarase se se realizaron segundo as regras polas que se rexe a profesión e levaron normalmente a bo termo**; no seu caso, estes certificados serán comunicados





CONCELLO DE BECERREÁ

R. E. L. nº 01270060—C. I. F.: P-2700600-F
Praza do Concello s/n-27640-Becerreá (Lugo)

directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente. Considerarase acreditada a solvencia cando o importe anual acumulado no ano de maior execución no curso dos tres últimos anos sexa igual ou superior ao 70% do valor estimado do contrato.

- Acreditarase mediante certificados de boa prestación seguindo o exposto anteriormente.
- b) Declaración indicando o persoal técnico ou organismos técnicos, estean ou non integrados na empresa, dos que esta dispoña para a prestación do servizo acompañada dos documentos acreditativos correspondentes cando lle sexa requirido polos servizos dependentes do órgano de contratación.
- c) Títulos académicos e profesionais do empresario e dos directivos da empresa e, en particular, do responsable ou responsables da prestación dos servizos así como dos técnicos encargados directamente de prestar o servizo.
- d) Declaración sobre o persoal medio anual da empresa e do número de directivos durante o tres últimos anos, acompañada da documentación xustificativa correspondente cando lle sexa requirido polos servizos dependentes do órgano de contratación.
- Considerarase acreditada a solvencia técnica nos apartados b), c) e d) cando o persoal técnico, a titulación académica e profesional, e o persoal medio sexa **adecuada e proporcionada á natureza e orzamento total da prestación do servizo.**

Nos contratos cuxo valor estimado sexa inferior a 500.000 euros, cando o contratista sexa unha **empresa de nova creación**, entendendo por tal aquela que teña unha **antigüidade inferior a cinco anos**, a súa solvencia técnica acreditarase por un ou varios dos medios a que se refiren as letras b) c) e d) anteriores, sen que en ningún caso sexa aplicable o establecido na letra a), relativo á execución dun número determinado de obra.

Por outra parte, compre indicar que **a solvencia poderase acreditar con medios externos**. Para acreditar a solvencia necesaria para celebrar un contrato determinado, o empresario poderá basearse na solvencia e medios doutras entidades, independentemente da natureza xurídica dos vínculos que teña con elas, sempre que demostre que durante toda a duración da execución do contrato disporá efectivamente desa solvencia e medios, e a entidade á que recorra non estea incurso nunha prohibición de contratar de acordo cos requisitos establecidos no art. 75 LCSP.

De conformidade co disposto no artigo 96 da LCSP, **a inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público acreditará fronte ao órgano de contratación do concello, a teor do nel reflectido e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario en canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, solvencia económica e financeira e técnica ou profesional, clasificación e demais circunstancias rexistradas, así como a concorrencia ou non concorrencia das prohibicións de contratar que deban constar no mesmo. Así mesmo, a inscrición**





CONCELLO DE BECERREÁ

R. E. L. nº 01270060—C. I. F.: P-2700600-F
Praza do Concello s/n-27640-Becerreá (Lugo)

no Rexistro de Licitadores da Comunidade Autónoma de Galicia acreditará idénticas circunstancias.

Para ese efecto, a Mesa de Contratación comprobará no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas que a empresa está debidamente constituída, o asinante da proposición ten poder bastante para formular a oferta, ostenta a solvencia económica, financeira e técnica ou, no seu caso a clasificación correspondente e non está incurso en ningunha prohibición para contratar.

As certificacións correspondentes a licitadores inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do sector Público **serán incorporadas de oficio ao procedemento polo órgano de contratación.** No suposto dos licitadores que presenten un certificado comunitario de inscrición, deberán indicar a forma de acceso electrónico aos devanditos certificados ou, na súa falta, achegarán copia do mesmo.

En calquera caso a mesa de contratación poderá esixir calquera aclaración que deberá ser aportada polo licitador cando llo requira e en todo caso deberá aportar a documentación requerida que non figure no certificado de inscrición.

Concreción das condicións de solvencia

Nos contratos de servizos poderá esixirse ás persoas xurídicas que especifiquen os nomes e a cualificación profesional do persoal responsable de executar a prestación, de conformidade co artigo 76.1 LCSP.

Asimesmo, en virtude do apartado 2 do artigo 76 da LCSP, os órganos de contratación poderán esixir aos licitadores que ademais de acreditar a súa solvencia ou, no seu caso, clasificación, se **comprometan a adicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materiais suficientes para elo.** Estes compromisos teñen o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos previstos no artigo 211, ou establecer penalidades, conforme ao sinalado no artigo 192.2 para o caso de que se incumpran polo adxudicatario.

A esixencia, no seu caso, dos nomes e da cualificación do persoal responsable de executar o contrato, así como do compromiso de adscripción á execución do contrato de medios persoais ou materiais, se establece nos seguintes termos:

- **Compromiso de adscripción de medios persoais: LIMPIADORES/AS.**
- **Compromiso de adscripción de medios materiais: DUAS ASPIRADORAS INDUSTRIAIS en Seco y Húmedo 1000 W.**

CLÁUSULA 11ª. Presentación, forma e contido das proposicións

11.1. Proposicións dos interesados

As proposicións dos interesados deberán axustarse aos pregos e documentación que rexe a licitación, e a súa presentación supón a **aceptación incondicionada polo empresario do contido da totalidade das súas cláusulas ou condicións,** sen excepción ou reserva algunha, así como a autorización á Mesa e ao órgano de contratación para consultar os datos recollidos no Rexistro Oficial de Licitadores e



Empresas Clasificadas do Sector Público, no Rexistro de Licitadores da Comunidade Autónoma de Galicia ou nas listas oficiais de operadores económicos dun Estado membro da Unión Europea.

As proposicións serán secretas e arbitraranse os medios que garantan tal carácter ata o momento de apertura das proposicións.

Cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición.

Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en unión temporal con outro si o fixo individualmente ou figurar en máis dunha unión temporal.

A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas por el subscritas.

11.2. Publicidade

O anuncio de licitación do contrato unicamente precisará de publicación no perfil de contratante do Concello de Becerreá (135 LCSP) ubicado na Plataforma de contratos do Sector Público, podendo acceder ao mesmo desde a seguinte dirección: <http://concellodebecerreia.sedelectronica.gal>.

No perfil de contratante do órgano de contratación ofrecerase información relativa á convocatoria da licitación do contrato, incluíndo os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas particulares e documentación complementaria.

Toda a documentación necesaria para a presentación da oferta estará dispoñible por medios electrónicos desde o día da publicación do anuncio no devandito perfil de contratante.

11.3. Lugar e prazo de presentación das proposicións.

A presente licitación ten carácter electrónico. Os licitadores deberán preparar e presentar as súas ofertas obrigatoriamente de forma electrónica a través da ferramenta de preparación e presentación de ofertas da Plataforma de Contratación do Sector Público.

A utilización destes servizos supón:

1. A preparación e presentación de ofertas de forma telemática polo licitador.
2. A custodia electrónica de ofertas polo sistema.
3. A apertura e avaliación da documentación a través da plataforma.

As proposicións, xunto coa documentación preceptiva presentar, dentro do prazo de **15 días** contados a partir do día seguinte ao de publicación do anuncio de licitación no Perfil de contratante, exclusivamente de forma electrónica a través da Ferramenta de Preparación e Presentación de ofertas que a Plataforma de Contratación do Sector Público pon a disposición de candidatos e entidades licitadoras para tal fin.



Por este motivo, para participar nesta licitación, é importante que os licitadores interesados rexístranse, no caso de que non o estean, na Plataforma de Contratación do Sector Público.

A oferta electrónica e calquera outro documento que a acompañe deberán estar asinados electronicamente por algún dos sistemas de firma admitidos polo artigo 10 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións públicas.

Para garantir a confidencialidade do contido dos sobres até o momento da súa apertura, a ferramenta cifrará devanditos sobres no envío.

Una vez realizada a presentación, a Ferramenta proporcionará á entidade licitadora un xustificante de envío, susceptible de almacenamento e impresión, co selo de tempo.

11.4. Información aos licitadores

O órgano de contratación proporcionará a todos os interesados no procedemento de licitación, como moi tarde 6 días antes de que finalice o prazo fixado para a presentación de ofertas, aquela información adicional sobre os pregos e demais documentación complementaria que estes soliciten, a condición de que a pediran polo menos 12 días antes do transcurso do prazo de presentación das proposicións (art.138.3 da LCSP).

11.5. Confidencialidade

O órgano de contratación non divulgará a información facilitada polos licitadores que estes designen como confidencial no momento de presentar a súa oferta.

O deber de confidencialidade do órgano de contratación así como dos seus servizos dependentes non poderá estenderse a todo o contido da oferta do adxudicatario nin a todo o contido dos informes e documentación que, no seu caso, xere directa ou indirectamente o órgano de contratación no curso do procedemento de licitación. Unicamente poderá estenderse a documentos que teñan unha difusión restrinxida, e en ningún caso a documentos que sexan publicamente accesibles.

O deber de confidencialidade tampouco poderá impedir a divulgación pública de partes non confidenciais dos contratos celebrados, tales como, no seu caso, a liquidación, os prazos finais de prestación dos servizos, as empresas coas que se contratou e subcontratou, e, en todo caso, as partes esenciais da oferta e as modificacións posteriores do contrato, respectando en todo caso o disposto na lexislación de Protección de Datos de Carácter Persoal.

O contratista deberá respectar o carácter confidencial de toda a información á que teña acceso con ocasión da execución do contrato. Este deber manterase durante un prazo de cinco anos desde o coñecemento desa información.

11.6. Forma de presentación das ofertas

Os licitadores que desexen tomar parte neste procedemento presentarán **dous sobres** marcados coas seguintes letras, respectivamente, respectando o establecido no artigo 139 da LCSP e acompañados dos documentos que se indican:



- O sobre nº 1 deberá ter o seguinte título: "Sobre A: documentación xeral".
- O sobre nº 2 deberá ter o seguinte título: "Sobre B: Oferta económica ou avaliabile mediante fórmulas".

Os sobres deberán ser asinados polo licitador, nos que se fará constar a lenda «Proposición para licitar á contratación do servizo de LIMPEZA DE EDIFICIOS MUNICIPAIS».

Cada interesado poderá presentar só unha oferta en relación co obxecto do contrato.

O empresario que presentase oferta en unión temporal con outros empresarios non poderá, á súa vez, presentar oferta individualmente, nin figurar en máis dunha unión temporal participante na licitación.

O incumprimento das normas contidas nos dous párrafos anteriores dará lugar á inadmisión de todas as ofertas subscritas polo licitador.

A presentación de proposicións presume por parte do licitador a aceptación incondicional das cláusulas deste prego, así como do prego de prescricións técnicas.

11.6.1. "Sobre A: documentación xeral".

O seu contido será o seguinte:

1.- Declaración responsable de conformidade co disposto no artigo 140 LCSP, cuxo modelo consiste no documento europeo único de contratación (DEUC), aprobado a través do Regulamento (UE) nº 2016/7, do 5 de xaneiro, (<https://ec.europa.eu/growth/tools-databases/espd>) que deberá estar asinada e coa correspondente identificación.

De conformidade co establecido na parte II, sección A, quinta pregunta, dentro do apartado titulado "Información xeral" do formulario normalizado do documento europeo único de contratación, as empresas que figuren rexistradas nunha "lista oficial de operadores económicos autorizados" só deberán facilitar en cada parte do formulario aqueles datos e informacións que, no seu caso concreto, non estean inscritos nestas "listas oficiais". En España, as empresas non estarán obrigadas a facilitar aqueles datos que xa figuren inscritos de maneira actualizada no correspondente Rexistro Oficial de Licitadores, a condición de que as empresas inclúan no formulario normalizado do documento europeo único de contratación (DEUC) a información necesaria para que o órgano de contratación poida realizar o acceso correspondente (dirección de internet, todos os datos de identificación e, no seu caso, a necesaria declaración de consentimento), por aplicación do artigo 59.1, penúltimo parágrafo da Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro, e en coherencia con iso, o establecido na parte VI do formulario. Para estes efectos, poderase consultar a Resolución do 6 de abril de 2016, da Dirección Xeral do Patrimonio do Estado, pola que se publica a Recomendación da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa sobre a utilización do Documento Europeo Único de Contratación previsto na nova Directiva de contratación pública, ao obxecto de comprobar a información contida no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público.

Para o caso de que a empresa se atope rexistrada no correspondente Rexistro Oficial de Licitadores, a empresa licitadora deberá asegurarse de que datos atópanse rexistrados e actualizados nos estes Rexistros e cales non están rexistrados ou estando non están actualizados.

No que respecta a empresas non nacionais procedentes de Estado Membros da UE, tanto o órgano de contratación como as empresas interesadas teñen á súa disposición o depósito de certificados en liña e-Certis, no cal consta: unha lista completa e actualizada dos documentos e certificados que en cada Estado son susceptibles de ser utilizados polas empresas interesadas como medio de proba do cumprimento dos requisitos previos de acceso a unha licitación pública, así como unha lista dos Rexistros de licitadores ou doutro tipo e das bases de datos que expiden estes certificados e documentos.

2.- Integración da solvencia con medios externos.

Cando se recorra á solvencia e medios doutras empresas de conformidade co artigo 75 LCSP, cada unha delas deberán presentar a declaración responsable debidamente cuberta e asinada, cuxo modelo consiste no documento europeo único de contratación (DEUC), aprobado a través do Regulamento (UE) nº 2016/7, do 5 de xaneiro. Neste caso, deberase cubrir as seccións A e B da parte II, a parte III e a parte VI. Sempre que resulte pertinente no que respecta á capacidade ou capacidades específicas en que se base o operador económico, consignarase a información esixida nas partes IV e V por cada unha das entidades de que se trate. **Anexo I.**

Ademais deberán presentar as declaracións contidas no **Anexo II** relativas á contratación de persoas con discapacidade ou as súas medidas alternativas, así como ao cumprimento das obrigacións establecidas na normativa vixente en materia laboral, social e de igualdade efectiva entre mulleres e homes, nos mesmos termos sinalados no apartado 7 seguinte.

De conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o órgano de contratación poderá facer uso das facultades de comprobación que teña atribuídas en relación co cumprimento das citadas obrigacións.

3.- Unións Temporais de Empresarios.

En todos os supostos en que varios empresarios concorran agrupados nunha unión temporal, cada empresa participante achegará a declaración responsable do apartado un desta cláusula.

Adicionalmente á declaración achegarase o compromiso de constituír a unión temporal por parte dos empresarios que sexan parte da mesma de conformidade co esixido no apartado 3 do artigo 69 LCSP, cunha duración que será coincidente, polo menos, coa do contrato ata a súa extinción.

No documento de compromiso indicaranse: os nomes e circunstancias dos que a constituían; a participación de cada un deles, así como a asunción do compromiso de constituírse formalmente en unión temporal en caso de resultar adxudicatarios do



contrato. O citado documento deberá estar asinado polos representantes de cada unha das empresas que compoñen a unión.

Respecto da determinación da solvencia económica e financeira e técnica ou profesional da unión temporal e aos seus efectos, acumularanse as características acreditadas para cada un dos integrantes da mesma.

Para os efectos de valorar e apreciar a concorrencia da clasificación, respecto dos empresarios que concorran agrupados atenderase, na forma que regulamentariamente se determine, ás características acumuladas de cada un deles, expresadas nas súas respectivas clasificacións. En todo caso, será necesario para proceder a esta acumulación que todas as empresas obteñan previamente a clasificación como empresa de servizos, sen prexuízo do establecido para os empresarios non españois de Estados membros da Unión Europea e de Estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo no apartado 4 do presente artigo.

O réxime de acumulación das clasificacións será o establecido de forma regulamentaria.

Para os casos nos que achegándose clasificación, concorran na unión empresarios nacionais, estranxeiros que non sexan nacionais dun Estado membro da Unión Europea nin dun Estado signatario do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo e estranxeiros que sexan nacionais dun Estado membro da Unión Europea ou dun Estado signatario do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, os que pertencen aos dous primeiros grupos deberán acreditar a súa clasificación, e estes últimos a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

No caso de que o contrato adxudicácese a unha unión temporal de empresarios, esta acreditará a súa constitución en escritura pública, así como o NIF asignado á esta unión, unha vez efectuada a adxudicación do contrato ao seu favor. En todo caso, a duración da unión será coincidente coa do contrato ata a súa extinción. **Anexo III.**

4.- Concreción das condicións de solvencia.

No caso que, de conformidade co disposto no artigo 76.2 LCSP, se estableza neste prego a esixencia do compromiso de adscrición á execución do contrato de medios persoais ou materiais, deberase achegar este compromiso.

No suposto que, de conformidade co disposto no artigo 76.1 LCSP, se estableza neste prego, que se especifiquen os nomes e a cualificación profesional do persoal responsable de executar a prestación, deberase achegar dita documentación. **Anexo IV.**

5.- Garantía provisional.

No caso de que se requira a constitución de garantía provisional deberase achegar resguardo acreditativo de constituír a mesma polo importe sinalado. **Non se esixe no presente contrato.**

6.- Empresas vinculadas.



Unicamente, as empresas pertencentes a un mesmo grupo, entendéndose por tales as que se atopan nalgún dos supostos do artigo 42 do Código de Comercio e que presenten distintas proposicións para concorrer individualmente á adxudicación, deberán presentar declaración na que fagan constar esta condición.

Tamén deberán presentar declaración explícita aquelas sociedades que, presentando distintas proposicións, concorran nalgún dos supostos alternativos establecidos no artigo 42 do Código de Comercio, respecto dos socios que a integran. **Anexo V.**

7.- Declaración responsable conforme o modelo do Anexo II relativa ao cumprimento da obrigaçión de contar cun dous por cento de traballadores con discapacidade ou adoptar as medidas alternativas correspondentes e ao cumprimento das obrigaçións establecidas na normativa vixente en materia laboral, social e de igualdade efectiva entre mulleres e homes.

De conformidade co disposto no Real Decreto Legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, aqueles licitadores que teñan un número de 50 ou máis traballadores no seu persoal estarán obrigados a contar cun 2% de traballadores con discapacidade, ou a adoptar as medidas alternativas previstas no Real Decreto 364/2005, do 8 de abril, polo que se regula o cumprimento alternativo con carácter excepcional da cota de reserva a favor dos traballadores con discapacidade.

Así mesmo, os licitadores farán constar que cumpren cos requisitos establecidos na normativa vixente en materia laboral e social así como que, naqueles casos nos que corresponda, cumpre co establecido no artigo 45 da Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, relativos á elaboración e aplicación dun Plan de Igualdade.

Para estes efectos, os licitadores deberán achegar declaración responsable, conforme o modelo fixado no **Anexo II** sobre o cumprimento destas obrigaçións.

De conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o órgano de contratación poderá facer uso das súas facultades de comprobación que teña atribuídas en relación co cumprimento das citadas obrigaçións.

8.- Dirección de correo electrónico.

Designación dunha dirección de correo electrónico en que efectuar as notificacións, que deberá ser “habilitada”, de conformidade co disposto na Disposición adicional décimo quinta, salvo que a mesma sexa a que figure no DEUC.

11.6.2. "Sobre B: Oferta económica ou avaliable mediante fórmulas".

a. A proposta de económica deberá axustarse ao modelo **Anexo VII** do presente prego.

A oferta debe estar asinada por quen teña poder suficiente para iso, non debendo conter erros, omisións ou obstáculos para unha interpretación correcta. Si algunha proposición non garda concordancia coa documentación examinada e admitida, excediese de



orçamento base de licitación, variase sustancialmente o modelo establecido, comportase erro manifesto en importe da proposición ou existiese recoñemento por parte do licitador de que adolece de erro ou inconsistencia que a fagan inviable, será desechada pola Mesa de contratación mediante resolución motivada, sen que sexa causa bastante para o rexeitamento o cambio ou omisión dalgunhas palabras do modelo si elo non altera o seu sentido.

Os prezos ofertados indícanse en euros, teñen carácter global, polo que se inclúen todas as taxas e impostos, directos e indirectos, e arbitrios municipais que graven a execución do contrato.

Indícanse o importe, IVE excluído e o correspondente a este tributo así como o total. O licitador non poderá subscribir ningunha proposición en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figura en máis dunha agrupación temporal.

Os licitadores consignarán nas súas propostas a cantidade pola que se comprometen á prestación dos servizos. A tódolos efectos, entenderase que na oferta final e no prezo están incluídos tódolos gastos que a empresa adxudicataria deba realizar para o cumprimento das prestacións contratadas. O prezo do servizo inclúe tódolos gastos derivados do servizo, incluíndo os correspondentes a persoal, material necesario, tributos, e calquera outros que puideran establecerse ou modificarse durante a vixencia do contrato.

Indicación, no seu caso, da parte do contrato que teñan previsto subcontratar, sinalando o seu importe, e o nome ou o perfil empresarial, definido por referencia ás condicións de solvencia profesional ou técnica, dos subcontratistas aos que se vaia a encomendar a súa realización. Os requisitos para a subcontratación son os establecidos na cláusula 30ª do presente prego onde se sinalan as tarefas que non poden ser obxecto de subcontratación.

b. Documentos relativos á oferta, distintos do prezo, que se deban cuantificar de xeito automático.

Se para a selección do contratista se atenda a unha pluralidade de criterios, se incluíra neste sobre a documentación relativa a aqueles outros criterios avaliábeis de xeito automático mediante cifras ou porcentaxes por aplicación das fórmulas establecidas nos pregos.

11.7. Exclusión de ofertas.

Ademais das causas previstas na normativa de aplicación, con carácter particular exclúiranse da licitación as ofertas dos licitadores que non cumprimenten e presenten á DEUC e a proposición económica conforme aos modelos que figuran neste prego, ou que alteren o contido dos mesmos.

CLÁUSULA 12ª. Garantía provisional

Non se esixe.

CLÁUSULA 13ª. Criterios de adxudicación



Para a valoración das proposicións e a determinación da mellor oferta atenderase a unha pluralidade de criterios de adxudicación en base á mellor relación calidade-prezo.

Mellor prezo ofertado. Ata 60 puntos.

Darase a máxima puntuación á oferta masi baixa das admitidas. A puntuación restante establecerse en base á seguinte fórmula:

$$P = (60 * Y) / X$$

Sendo:

P.- É a puntuación que corresponde a cada licitador.

Y.- É o prezo da mellor oferta.

X.- É o prezo da oferta a considerar.

Bolsa de horas cun máximo de 60 horas ao ano. Valoración ata 40 puntos.

Este criterio valorará a mellora, que se é o caso oferten os licitadores, mediante a posta a disposición do Concello dunha prestación adicional consistente na mobilización de recursos materiais e humanos da categoría de limpador/a para a realización de limpeza por motivos que se consideren excepcionais ou imprevisibles ou non estean previstas no contrato. Esta prestación adicional deberá cuantificarse en horas de traballo, das que poderá dispoñer libremente e sen custo ningún o Concello, en calquera momento da execución do contrato acumulándose as que non se consuman, nos anos que resten de execución do contrato incluídas as prórrogas.

O máximo será de 60 horas ao ano. Asoaranse en base á seguinte fórmula:

$$P = (40 * Y) / X$$

Sendo:

P.- É a puntuación que corresponde a cada licitador.

Y.- É o prezo da mellor oferta.

X.- É o prezo da oferta a considerar.

CLÁUSULA 14ª. Ofertas anormalmente baixas.

Considerarase que conteñen valores anormais ou desproporcionados aquelas ofertas nas que a baixa sobre o orzamento de licitación en valor porcentual, sexa superior ao valor resultante da suma de dez puntos porcentuais do valor da media aritmética das baixas ofertadas en valor porcentual.

As ofertas ordenaranse por orde decrecente do valor da baixa.

Para o cálculo da media aritmética das baixas serán descartadas as seguintes ofertas:

- Entre 3 e 5 ofertas admitidas: eliminarase so a oferta que conteña o valor máis alto.
- Entre 6 e 10 ofertas admitidas: eliminaranse a oferta que conteña o valor máis alto e a que conteña o valor máis baixo.





CONCELLO DE BECERREÁ

R. E. L. nº 01270060—C. I. F.: P-2700600-F
Praza do Concello s/n-27640-Becerreá (Lugo)

- Entre 11 e 15 ofertas admitidas: eliminaranse as dúas ofertas que conteñan o valor máis alto, aínda que o valor de baixa sexa idéntico e a que conteña o valor máis baixo.
- Máis de 15 ofertas: eliminaranse as dúas ofertas que conteñan o valor máis alto, aínda que o valor de baixa sexa idéntico e as dúas ofertas que conteñan o valor máis baixo.

Entre os valores de baixa en euros non descartados será calculada a media aritmética dos mesmos e dito valor constituirá a media aritmética das baixas ofertadas. Será calculado en valor porcentual e aplicarase con dous decimais.

Cando se identifique unha proposición que poida ser considerada desproporcionada ou anormalmente baixa, a Mesa de Contratación dará audiencia ao licitador/a que a presentara para que, nun prazo máximo de tres días hábiles, xustifique a valoración da oferta e precise as condicións da mesma, en particular aqueles extremos aos que se refire o artigo 149.4 da LCSP, mediante a presentación daquela información e documentos que resulten pertinentes para estes efectos.

En todo caso, a mesa e órganos de contratación rexeitarán as ofertas se comprobaren que son anormalmente baixas porque vulneran a normativa sobre subcontratación, ou non cumpren as obrigacións aplicables en materia ambiental, social ou laboral, nacional ou internacional, incluíndo o incumprimento dos convenios colectivos sectoriais vixentes.

Cando presentaran ofertas empresas que pertencen a un mesmo grupo, no sentido do artigo 42.1 do Código de Comercio, tomarase unicamente, para aplicar o réxime de identificación das ofertas incursas en presunción de anormalidade, aquela que fora máis baixa, e iso con independencia de que presenten a súa oferta en solitario ou conxuntamente con outra empresa ou empresas alleas ao grupo e coas cales concorran en unión temporal.

CLÁUSULA 15ª. Preferencias de adxudicación en caso de empates.

Cando tras efectuar a ponderación do criterio de valoración establecido para a oferta de que se trate, se produza un empate na puntuación outorgada a dúas ou máis ofertas, utilizaranse os seguintes criterios para resolver dita igualdade, referidos ao momento de finalizar el prazo de presentación de ofertas:

1. Maior porcentaxe de traballadores con discapacidade ou en situación de exclusión social no persoal de cada unha das empresas, primando en caso de igualdade, o maior número de traballadores fixos con discapacidade en persoal, ou o maior número de persoas traballadoras en situación de exclusión social incluídas no persoal e, de persistir o empate
2. Menor porcentaxe de contratos temporais no persoal de cada unha das empresas e, de persistir o empate
3. Maior porcentaxe de mulleres empregadas no persoal de cada unha das empresas e, de persistir o empate
4. O sorteo, en acto público, ao que serán convocados todos os licitadores interesados.



A documentación acreditativa dos criterios de desempate a que se refire o presente apartado será achegada polos licitadores no momento en que se produza o empate, e non con carácter previo.

CLÁUSULA 16ª. Mesa de contratación

A Mesa de contratación será o órgano competente para efectuar a valoración das ofertas e cualificar a documentación administrativa, e actuará conforme ao previsto no artigo 326 da LCSP e demais normativa concordante.

A Mesa de contratación estará presidida por un membro da Corporación ou un funcionario da mesma, e formarán parte dela, como vogais, o/a Secretario/a e o/a Interventor/a, así como aqueloutros que se designen polo órgano de contratación entre o persoal funcionario de carreira ou persoal laboral ao servizo da Corporación, ou membros electos da mesma, sen que o seu número, en total, sexa inferior a tres. Os membros electos que, no seu caso, formen parte da Mesa de contratación non poderán supor máis dun terzo do total de membros da mesma. Actuará como Secretario un funcionario da Corporación.

A composición da Mesa que se publicará no perfil de contratante é a seguinte:

- *Presidente: Alcalde do Concello de Becerreá, Don Manuel Martínez Núñez.*
- *Vocales: A funcionaria xefa de sección de contabilidade, Dona Pilar Pérez López, a Secretaria-Interventora da Corporación, Dona Carolina Isabel Fernández Lago e a Sra. Directora do Centro de Servizos Sociais, Dona María Noemí López Corredoira.*
- *Secretaria: funcionario xefe de sección de urbanismo, contratación e fomento, Don Severiano Daniel Vázquez Prado, que dará fe do acto.*

A súa composición publicarase a través do perfil do contratante (140 da LCSP).

Comité de expertos (de ser o caso).

No caso e á vista de que os criterios cuxa cuantificación dependa dun xuízo de valor teñan unha ponderación maior que a dos criterios avaliados de xeito automático, a súa valoración corresponderá a un comité formado por expertos cunha cualificación apropiada cun mínimo de tres membros.

Dacordo co establecido no punto 8 da Disposición Adicional Segunda da LCSP, podera estar integrado por persoal funcionario de carreira ou laboral fixo con cualificación apropiada que non participe na redacción da documentación técnica do contrato de que se trate. En todo caso deberá formar parte un técnico xurista especializado en contratación pública. A súa composición publicarase a través do perfil de contratante ao publicar o anuncio de licitación ou ben ser fará pública con carácter previo á apertura dos sobres C.

CLÁUSULA 17ª. Cualificación da documentación e apertura de proposicións

17.1. Apertura da documentación administrativa. (Sobre A).



Na data sinalada a mesa de contratación se constituirá para o exame e cualificación da documentación administrativa, en funcións dos requisitos esixidos. Si a mesa observa erros ou omisións enmendables, concederá un prazo non superior a tres días naturais para a súa enmenda (artigo 141 da LCSP).

Unha vez examinada a documentación aportada, a Mesa determinará as empresas admitidas a licitación, as rexeitadas e as causas do seu rexeitamento, segundo proceda.

17.2. Apertura da documentación relativa á oferta económica ou avaliable mediante fórmulas". (Sobre B).

Na mesma sesión se é posible ou na data indicada, no lugar e na hora sinalados no perfil do contratante, a Mesa de Contratación reunirse de novo para a apertura da documentación que contén os criterios avaliáveis de forma automática, dando a coñecer con carácter previo a ponderación asignada aos criterios dependentes dun xuízo de valor, se fora o caso.

Empregándose medios electrónicos a apertura da oferta económica non se efectuará en acto público. Artigo 157.4 LCSP.

A mesa de contratación poderá solicitar cantos informes técnicos considere pertinentes para realizar a avaliación da documentación presentada polos licitadores.

Si se identificase algunha proposición que poida ser conserada anormalmente baixa segundo o indicado na cláusula 14º, realizarase a tramitación prevista no artigo 149 da LCSP.

Si se produce empate se solicitará dos licitadores afectados a documentación acreditativa dos criterios de desempate sinalados na cláusula 15º.

No caso de que se establezan criterios non avaliáveis en cifras ou porcentaxes, a Mesa de Contratación, procederá a apertura do sobre correspondente aos criterios non cuantificables, entregándose automaticamente ao órgano encargado da súa valoración a documentación contida no mesmo.

De conformidade co artigo 146.1 a) da LCSP a valoración dos criterios cuxa cuantificación dependa dun xuízo de valor, corresponderá, nos casos en que proceda por ter atribuída unha ponderación maior que a correspondente aos criterios avaliáveis de xeito automático, a un comité formado por expertos con cualificación apropiada, que conte cun mínimo de tres membros, que poderán pertencer aos servizos dependentes do órgano de contratación, pero en ningún caso poderán estar adscritos ao órgano proponente do contrato, ao que corresponderá realizar a avaliación das ofertas; ou encomendar ésta a un organismo técnico especializado. A composición do órgano de valoración dos criterios subxectivos se indicará neste mesmo prego de ser o caso.

Posteriormente, a ponderación asignada aos criterios non avaliáveis en cifras ou porcentaxes, no seu caso, se dará a coñecer no acto de apertura das ofertas económicas.

CLÁUSULA 18ª. Clasificación das ofertas, adxudicación do contrato e notificación da adxudicación.



Á vista da valoración dos criterios cuantificables mediante xuízo de valor e dos criterios de valoración avaliados de forma automática, a Mesa de Contratación propondrá ao adxudicatario do contrato.

O órgano de contratación clasificará, por orde decrecente, as proposicións presentadas e que non fosen declaradas desproporcionadas ou anormais. Para realizar a dita clasificación, atenderá aos criterios de adxudicación sinalados no prego e pode solicitar para isto cantos informes técnicos xulgue pertinentes.

No suposto en que se produza igualdade nas proposicións máis vantaxosas desde o punto de vista dos criterios que sirvan de base para a adxudicación, a proposta de adxudicación realizarase de conformidade co previsto na cláusula 15ª do presente prego.

Se no exercicio das súas funcións a mesa de contratación, ou na súa falta, o órgano de contratación, tivese indicios fundados de condutas colusorias no procedemento de contratación, no sentido definido no artigo 1 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de Defensa da Competencia, trasladaraos con carácter previo á adxudicación do contrato á Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia ou, no seu caso, á autoridade de competencia autonómica correspondente, a efectos de que a través dun procedemento sumarísimo pronúnciese sobre aqueles. A remisión dos devanditos indicios terá efectos suspensivos no procedemento de contratación. Se a remisión realízase a mesa de contratación dará conta diso ao órgano de contratación. Regulamentariamente regularase o procedemento ao que se refire o presente parágrafo.

Unha vez aceptada a proposta da mesa polo órgano de contratación, os servizos correspondentes requirirán ao licitador que presentase a mellor oferta, de conformidade co disposto no artigo 145 da LCSP para que, dentro do prazo de **dez días hábiles**, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a documentación xustificativa das circunstancias ás que se refiren as letras a) e c) do apartado 1 do artigo 140 LCSP se non se achegou con anterioridade, tanto do licitador como daquelas outras empresas a cuxas capacidades se recorra, sen prexuízo do establecido no segundo parágrafo do apartado 3 do citado artigo; de dispoñer efectivamente dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme ao artigo 76.2 LCSP; e de constituír a garantía definitiva que sexa procedente. Os correspondentes certificados poderán ser expedidos por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, salvo que se estableza outra cousa nos pregos.

Os documentos que debe presentar o licitador son os que se indican a continuación:

a. Capacidade de obrar.

Si a empresa fose persoa xurídica, a escritura de constitución ou modificación, no seu caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme á elxislación mercantil que lle sexa aplicable. Si non o fora, a escritura ou documento de constitución, estatutos ou acto fundacional nos que consten as normas polas que se reugla a súa actividade, inscritos, no seu caso, no correspondente Rexistro oficial. Estes documentos deberán recoller o exacto réxime xurídico do licitador no momento da





CONCELLO DE BECERREÁ

R.E.L. nº 01270060—C.I.F.: P-2700600-F
Praza do Concello s/n-27640-Becerreá (Lugo)

presentación da proposición e que conforme ao se obxecto social pode presentarse á licitación.

Si se trata de empresario individual deberá presentar o seu DNI.

Os que comparezan ou firme proposicións en nome doutro ou represente a unha persoa xurídica, deberán acompañar poder acreditativo de dita representación declarado bastante para concurrir e contratar previamente no servizo: Gabinete de Asistencia, Asesoramento e Defensa Xurídica das Corporacións locais da Deputación Provincial de Lugo ou de calquera outro letrado ao servizo dunha administración pública (Letrado da Xunta de Galicia, Estado...)

b. Documentación acreditativa da solvencia económica, financeira e técnica.

Se aportará a documentación indicada na cláusula 10º.

As empresas que liciten en unión temporal deberán acreditar os requisitos de solvencia económica, financeira e técnica. Cada unha das empresas que compoñen a unión temporal deberá acreditar a súa capacidade e solvencia conforme ao sistema de acreditación previsto no número anterior. Se acumularán, aos efectos da determinación da solvencia da unión temporal, as características acreditadas para cada un dos integrantes dela, de conformidade coas condicións previstas no artigo 69.6 da LCSP.

c. Habilitación empresarial.

No caso de que o licitador debe acreditar a súa habilitación empresarial de conformidade co disposto no presente prego, deberá aportar os documentos acreditativos da mesma se non o fixera con anterioridade.

d. Xurisdicción de empresas extranxeiras.

As empresas extranxeiras deberán presentar declaración de someterse á xurisdicción dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, para tódalas incidencias que de xeito directo ou indirecto poideran xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao fuero xurisdiccional extranxeiro que puidera corresponderlles.

e. Obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Obrigas tributarias:

a) **Orixinal ou copia cotexada** do alta no imposto sobre Actividades Económicas no epígrafe correspondente ao obxecto do contrato, sempre que exerza actividades suxeitas ao devandito imposto, en relación coas que veña realizando á data de presentación da súa proposición referida ao exercicio corrente e o último recibo.

Ou estando exento do pago deste tributo, **declaración responsable** onde se demostre que non se deu de baixa no epígrafe adecuado para o obxectivo do contrato conforme ao seguinte modelo:

D..... con DNI.....e domicilio en.....provincia de.....rúa..... nº.....en nome propio ou en representación da empresa.....á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de (Título: ...)





CONCELLO DE BECERREÁ

R. E. L. nº 01270060—C. I. F.: P-2700600-F
Praza do Concello s/n-27640-Becerreá (Lugo)

DECLARA:

que a empresa que represento figura de alta ata a data co epígrafe (nº... e concepto:.....)e para que así conste asino a presente declaración en.....a.....

Sinatura

No suposto de atoparse nalgunha das exencións establecidas no artigo 82.1 apartados b), e) e f) do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, deberán presentar así mesmo resolución expresa da concesión da exención da Axencia Estatal de Administración Tributaria.

As unións temporais de empresarios deberán acreditar, unha vez formalizada a súa constitución, o alta no imposto, sen prexuízo da tributación que corresponda ás empresas integrantes da mesma.

b) Certificación positiva expedida pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, na que se conteña xenericamente o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 13 do RGLCAP e en concreto indicativo de que non ten débedas coa Administración Xeral de Estado.

Ademais, o proposto adxudicatario non deberá ter débedas de natureza tributaria en período executivo de pago co Concello de Becerreá. A Administración Local, de oficio, comprobará mediante os datos obrantes na Tesourería o cumprimento da devandita obrigación.

Obrigas coa Seguridade Social:

Certificación positiva expedida pola Tesourería da Seguridade Social, na que se conteña xenericamente o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 14 do RGLCAP.

Os profesionais colexiados que de conformidade coa Disposición Adicional Décimoitava do Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, aprobado por Real Decreto Legislativo 8/2015, de 30 de outubro, estean exentos da obriga de alta no réxime especial e que opten ou optaran por incorporarse á Mutualidade de Prvisión Social do correspondente Colexio Profesional, deberán aportar unha certificación da respectiva Mutualidade, acreditativa da súa pertenza á mesma.

A presentación de dita certificación non exonera ao interesado de xustificar as restantes obrigas que se sinalan no presente prego cando teña traballadores ao seu cargo, debendo en caso contrario, xustificar dita circunstancia mediant declaración responsable.

f. Integración da solvencia con medios externos.

En el supuesto de que los licitadores recurran a la solvencia y medios de otras empresas de conformidad con el artículo 75 LCSP, deberán presentar además, la siguiente documentación:

El licitador deberá presentar un compromiso por escrito de dichas entidades, conforme al modelo establecido en el Anexo VII al pliego, siempre que no se hubiese aportado conforme a lo señalado en el 140.3 LCSP, del que se derive que durante toda la duración



de la ejecución del contrato, ponen a disposición del licitador la solvencia y medios a los que se compromete.

La empresa o empresas a las que recurre el licitador deberán presentar la documentación de los apartados a. e e. e, se procede b., c. e d, e, no seu caso, a relativa a inscripción no Rexistro de licitadores, anteriores.

g. Documentación xustificativa da constitución da **garantía definitiva** que sexa procedente. Poderá constituirse en calquer das formas establecidas na regulamentación vixente.

h. Acreditación de calquera outro extremo que lle sexa requerido polo órgano de contratación. En particular copia da póliza de responsabilidade civil por riscos profesionais que deberá ter suscrita o proposto como adxudicatario e que cubra os posibles danos que se causen ao Concello ou a terceiros como consecuencia da defectuosa execución do contrato

De conformidade co disposto no artigo 96 da LCSP, o certificado de inscripción no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público (tamén no RXC de Galicia) eximirá aos licitadores inscritos con certificado en vigor, da presentación nas convocatorias de contratación da documentación correspondente aos datos que figuren nel concretamente, e salvo proba en contrario, das condicións de aptitude do empresario en canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, solvencia económica e financeira, así como concurrencia ou non concurrencia das prohibicións de contratar que deben constar no mesmo:

- Personalidade e representación sempre e cando dita representación sexa a mesma que conste no ROLECSP ou no RXCde Galicia.
- Escrituras de constitución. Non obstante, o órgano de contratación poderá requirir a aportación de dita documentación si fose necesaria para acreditar que o obxecto social da empresa é axeitado ao obxecto do contrato.
- Documentación acreditativa das condicións de solvencia que obren en poder do Rexistro.

As inscricións no ROLECSP ou o RXC de Galicia serán incorporadas de oficio ao procedemento polo órgano de contratación. No suposto de licitadores que presenten un certificado comunitario de inscripción deberán indicar a forma de acceso electrónico a ditos certificados ou no seu defecto presentarán copia del.

Si se observara defectos ou omisións subsanables na documentación aportada será comunicado ao interesado concedéndolle un prazo de tres días naturais para a súa corrección

De non cumprimentarse adecuadamente ou subsanarse o requirimento da documentación no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixirlle o importe do 3 por cento do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade, que se fará efectivo en primeiro lugar contra a garantía provisional, se se constituíu, sen prexuízo do establecido na letra a) do apartado 2 do artigo 71 LCSP.





CONCELLO DE BECERREÁ

R. E. L. nº 01270060—C. I. F.: P-2700600-F
Praza do Concello s/n-27640-Becerreá (Lugo)

No suposto sinalado no parágrafo anterior, procederá a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que quedasen clasificadas as ofertas.

O órgano de contratación adxudicará o contrato no prazo máximo de 15 días si hai un só criterio de adxudicación ou de dous meses se son varios estes criterios, seguintes á recepción da documentación.

Non poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren no prego.

CLÁUSULA 19ª. Garantía definitiva

O licitador que presente a mellor oferta na licitación dos contratos deberá constituír unha garantía do 5% do prezo final ofertado, excluído o IVE, por calquera dos medios establecidos no artigo 108 da LCSP.

Acreditarase mediante documento orixinal no prazo de dez días a contar dende o seu requirimento.

A garantía poderá prestarse en calquera das formas previstas no artigo 108 da LCSP e será devolta ou cancelada de acordo co disposto no artigo 111 da LCSP.

Tratándose de aval deberá estar debidamente bastantado no servizo: Gabinete de Asistencia, Asesoramento e Defensa Xurídica das Corporacións locais da Deputación Provincial de Lugo ou de calquera outro letrado ao servizo dunha administración pública (Letrado da Xunta de Galicia, Estado...).

En todo caso, a garantía definitiva responderá dos conceptos a que se refire o artigo 110 LCSP. Dentro de ditos conceptos se inclúe o incumprimento por parte do contratista da obriga de indemnizar os danos e prexuízos ocasionados a terceiros como consecuencia da incorrecta execución das prestacións obxecto do contrato, prevista no artigo 196 LCSP.

Cando, como consecuencia dunha modificación do contrato experimente variación o seu prezo, deberá reaxustarse a garantía, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado, no prazo de 15 días contados desde a data en que se notifique ao empresario o acordo de modificación incurrindo, en caso contrario, en causa de resolución contractual. No mesmo prazo contado dende a data en que se fagan efectivas as penalidades ou indemnizacións o adxudicatario deberá repoñer ou ampliar a garantía na cuantía que corresponda, incurrindo, en caso contrario, en causa de resolución.

CLÁUSULA 20ª. Devolución e cancelación da garantía definitiva

A devolución e cancelación da garantía definitiva levarase a cabo nos termos establecidos no artigo 111 da LCSP, sempre que finalizara o período de garantía correspondente e se cumpriran satisfactoriamente as obrigas correspondentes ao contrato.

CLÁUSULA 21ª. Decisión de non adxudicar ou celebrar o contrato e desestimento do procedemento de adxudicación pola Administración



De conformidade co disposto no artigo 152 da LCSP, a decisión de non adxudicar ou celebrar o contrato ou a desestimación do procedemento poderán acordarse polo órgano de contratación antes da formalización.

Só poderá adoptarse a decisión de non adxudicar ou celebrar o contrato por razóns de interese público debidamente xustificadas no expediente.

O desestimación do procedemento deberá estar fundado nunha infracción non subsanable das normas de preparación do contrato ou das reguladoras do procedemento de adxudicación, debendo xustificarse no expediente a concorrencia da causa.

CLÁUSULA 22ª. Adxudicación.

O órgano de contratación adxudicará o contrato ao licitador que presente a mellor oferta, de conformidade co disposto no artigo 145 da LCSP.

De conformidade co artigo 157.4 da LCSP, presentada a garantía definitiva, nos casos en que resulte preceptiva, previa fiscalización do compromiso do gasto pola Intervención nun prazo non superior a 5 días, procederase a adxudicar o contrato a favor do licitador proposto como adxudicatario, procedéndose, unha vez adxudicado o mesmo, á súa formalización.

A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos licitadores, debendo ser publicada no perfil de contratante no prazo de 15 días.

A notificación e a publicidade referidas deberán conter a información necesaria que permita aos interesados no procedemento de adxudicación interpor recurso suficientemente fundado contra a decisión de adxudicación, e entre ela en todo caso deberá figurar a seguinte:

- a) En relación cos candidatos descartados, a exposición resumida das razóns polas que se desestimou a súa candidatura.
- b) Con respecto aos licitadores excluídos do procedemento de adxudicación, os motivos polos que non se admitiu a súa oferta, incluídos, nos casos contemplados no artigo 126.7 e 8 da LCSP, os motivos da decisión de non equivalencia ou da decisión de que as obras, as subministracións ou os servizos non se axustan aos requisitos de rendemento ou ás esixencias funcionais; e unha desagregación das valoracións asignadas aos distintos licitadores, incluíndo ao adxudicatario.
- c) En todo caso, o nome do adxudicatario, as características e vantaxes da proposición do adxudicatario determinantes de que fose seleccionada a oferta de leste con preferencia respecto das que presentasen os restantes licitadores cuxas ofertas fosen admitidas; e, no seu caso, o desenvolvemento das negociacións ou o diálogo cos licitadores.

Na notificación indícase o prazo en que debe procederse á formalización do contrato conforme ao apartado 3 do artigo 153 da LCSP.

A notificación realizarase por medios electrónicos de conformidade co establecido na Disposición adicional décimo quinta da LCSP.



En ningún caso poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuran no prego.

CLÁUSULA 23ª. Perfección e formalización do contrato

O contrato perfeccionarase coa súa formalización en documento administrativo (artigo 36 da LCSP).

A formalización non poderá efectuarse antes de que transcorran os quince días hábiles desde que se remita a notificación da adxudicación, conforme ao previsto na cláusula 22ª, ás empresas licitadoras ou candidatas. Transcorrido este prazo sen que se interpuxera recurso que leve aparellada a suspensión da formalización do contrato ou desde que se dite resolución co levantamento da suspensión do acto de adxudicación, os servizos dependentes do órgano de contratación requirirán á persoa adxudicataria para que formalice o contrato en prazo non superior a cinco días, contados desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento (artigo 153 da LCSP).

Formaran parte do contrato o prego de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas particulares.

Cando o adxudicatario sexa unha unión temporal de empresarios, dentro do mesmo prazo de cinco días e con anterioridade á sinatura do contrato, deberá achegar escritura pública de constitución como tal e o NIF asignado.

En ningún caso se poderán incluír cláusulas que impliquen alteración nos termos da adxudicación.

O contrato deberá ser suscrito na sede do órgano de contratación ou no lugar que este indique.

O adxudicatario deberá acreditar previamente, ante o órgano de contratación, a **suscripción das pólizas** que se indican na **Cláusula 31.2** e a constitución da UTE, de ser o caso.

Así mesmo si a execución do contrato require o tratamento polo contratista de datos persoais por conta do órgano de contratación como responsable do tratamento, o contratista deberá presentar antes da formalización do contrato, unha **declaración** na que se poña de manifesto **onde van estar os servidores e dende onde se van a prestar os servizos asociados a eles**, así como a comunicar calquera cambio que se produza ao longo da vida do contrato.

Cando por causas imputables ao adxudicatario non se formalizase o contrato dentro do prazo indicado, se lle esixirá o importe do 3 por cento do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade, que se fará efectivo no primeiro lugar contra a gantía definitiva si se houbera constituído, e incurrirá en causa de prohibición de contratar establecida no artigo 71.2 b) da LCSP.

O documento en que se formalice o contrato será en todo caso administrativo, e o título será válido para acceder a calquera rexistro público. Non obstante, o contrato



formalizarse en escritura pública cando así o solicite o contratista, e os gastos derivados do seu outorgamento serán pola súa conta.

Ao contrato incorporárase a declaración sobre confidencialidade e protección de datos de carácter persoal.

A formalización do contrato deberá publicarse, xunto co correspondente contrato, nun prazo non superior a quince días tras o seu perfeccionamento no perfil do contratante do órgano de contratación.

Si antes de formalización, o órgano de contratación decidise non adxudicar ou celebrar o contrato ou desistiera do procedemento, o notificará aos licitadores compensándoos polos gastos efectivos en que tivera incurrido, previa solicitude e coa debida xustificación da súa valoración económica.

CLÁUSULA 24ª. Devolución da documentación.

As proposicións presentadas, tanto as declaradas admitidas como as rexeitadas sen abrir ou as desestimadas unha vez abertas, serán arquivadas no expediente correspondente. Unha vez adxudicado o contrato e transcorridos os prazos para a interposición de recursos sen que se interpuxesen, a documentación poñerá a dispor dos licitadores, excepto a do adxudicatario. No caso de que a documentación non sexa retirada no prazo de 6 meses, entenderase que o interesado renunciou a ela e o órgano de contratación quedará facultado para destruíla.

CLÁUSULA 25ª. Prerrogativas da Administración.

O órgano de contratación, de conformidade co previsto nos artigos 190 e 191 da LCSP, ostenta as seguintes prerrogativas:

- a) Interpretación do contrato.
- b) Resolución das dúbidas que ofrezan o seu cumprimento.
- c) Modificación do contrato por razóns de interese público.
- d) Acordar a resolución do contrato e determinar os efectos desta.

CLÁUSULA 26ª. Risco e ventura.

A execución do contrato realizarase a risco e ventura do contratista, segundo o disposto polo artigo 197 da LCSP, sen prexuízo dos supostos de forza maior que prevé o artigo 239 da LCSP.

CLÁUSULA 27ª. Abonos ao contratista.

O adxudicatario terá dereito ao abono do prezo dos servizos efectivamente executados e formalmente recibidos pola Administración con arranxo ás condicións establecidas no contrato.

O pago realizarase contra factura, expedida de acordo coa normativa vixente, debidamente conformada.

A forma de facturación observará as seguintes regras:





CONCELLO DE BECERREÁ

R. E. L. nº 01270060—C. I. F.: P-2700600-F
Praza do Concello s/n-27640-Becerreá (Lugo)

No referente as limpezas habituais, emitiranse facturas separadas polo CENTRO SOCIAL (12 facturas de igual importe) CEIP (11 facturas de igual importe), TELECENTRO (12 facturas de igual importe). En todas elas indicaranse o numero de horas realizadas correspondentes a cada periodo.

No referente as limpezas programadas realizadas por peón especializado de forma periódica, emitiranse facturas separadas por cada edificio segundo a periodicidade da súa execución, a cal será determinada e así comunicada á empresa contratista pola responsable do contrato. Nestas facturas en todo caso indicaranse o número de horas realizadas, o edificio no cal se realizaron as actuacións e o tipo de tarefa efectuada.

De conformidade co apartado 2º da Disposición adicional trixésima segunda da LCSP, o contratista deberá facer constar en cada factura presentada, a identificación tanto do órgano administrativo con competencias en materia de contabilidade pública, como do órgano de contratación e do destinatario, segundo o disposto a continuación:

- a) Que o órgano de contratación é Concello de Becerreá.
- b) Que o órgano administrativo con competencias en materia de contabilidade pública é Intervención.
- c) Que o destinatario é Concello de Becerreá.
- d) Que o código DIR3 é LO1270060.
- e) Que a oficina contable é Concello de Becerreá.
- f) Que o órgano xestor é Concello de Becerreá.
- g) Que a unidade tramitadora é Concello de Becerreá.

O Contratista deberá presentar a factura no prazo de 30 días desde a data da prestación.

No caso de servizos de tracto sucesivo as facturas deberán presentarse no prazo máximo de 10 días desde a realización da prestación no periodo de que se trate.

A factura deberá presentarse en formato electrónico nos supostos que fixa a Lei 25/2013, de 27 de decembro, de Impulso á Factura Electrónica e Creación do Rexistro Contable de Facturas do Sector Público. Nestes casos a presentación da factura no Punto Xeral de Acceso equivale á presentación nun rexistro administrativo.

A Administración terá a obrigaón de abonar o prezo dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade co disposto no contrato dos servizos prestados, sen prexuízo do establecido no apartado 4 do artigo 210, e se se demorase, deberá abonar ao contratista, a partir do cumprimento do devandito prazo de trinta días os intereses de demora e a indemnización polos custos de cobro nos termos previstos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais. Para que haxa lugar ao comezo do cómputo de prazo para o decheño de intereses, o contratista deberá cumprir a obrigaón de presentar a factura ante o rexistro administrativo correspondente nos termos establecidos na normativa vixente sobre factura electrónica, en tempo e forma, no prazo de trinta días desde a data de entrega efectiva da prestación do servizo.

En todo caso, se o contratista incumprise o prazo de trinta días para presentar a factura ante o rexistro administrativo correspondente nos termos establecidos na normativa





CONCELLO DE BECERREÁ

R. E. L. nº 01270060—C. I. F.: P-2700600-F
Praza do Concello s/n-27640-Becerreá (Lugo)

vixente sobre factura electrónica, o debeño de intereses non se iniciará ata transcorridos trinta días desde a data da correcta presentación da factura, sen que a Administración aprobese a conformidade, se procede, e efectuado o correspondente abono.

Se a demora no pago fose superior a catro meses, o contratista poderá proceder, no seu caso, á suspensión do cumprimento do contrato, debendo comunicar á Administración, cun mes de antelación, tal circunstancia, a efectos do recoñecemento dos dereitos que poidan derivarse da devandita suspensión, nos termos establecidos na LCSP.

Se a demora da Administración fose superior a seis meses, o contratista terá dereito, así mesmo, a resolver o contrato e ao resarcimento dos prexuízos que como consecuencia diso orixínenselle.

COA FACTURA MENSUAL DEBERÁ ACHEGAR A SEGUINTE DOCUMENTACIÓN:

- **Declaración xurada do contratista ou do seu representante de atoparse ao corrente no pago das retribucións devengadas polo persoal ao seu servizo e das cotas correspondentes á Seguridade Social. O Concello de Becerreá poderá en calquera momento, esixir acreditación documental (Relación nominal de traballadores1, TC2, e xustificantes de ingreso tanto das cotas como das nóminas dos traballadores/as, copias de nóminas...) do cumprimento destes requisitos. Se o adxudicatario fose unha cooperativa, sociedade laboral, civil ou análoga onde os traballadores ou integrantes da mesma cotizasen en réxime de autónomos, de acordo coa normativa laboral e social, seralles de aplicación o disposto anteriormente salvo o que se absolutamente incompatible con este tipo de réxime (tc1 básico ou documento xustificativo do ingreso da cota da Seguridade Social)**
- **Cada seis meses deberá entregar certificacións acreditativas de estar ao corrente das súas obrigacións tributarias coa facenda estatal e autonómica.**

ASIMISMO, CON CADA FACTURA DEBERÁN ACHEGAR:

- **Declaración xurada na que se indiquen o número de horas efectuadas nos distintos edificios, con indicación dos mesmos, distinguindo as realizadas polos/as e das realizadas polo peon especialista,**

CLÁUSULA 28ª. Modificación do contrato.

O órgano de contratación poderá acordar, unha vez perfeccionado o contrato e por razóns de interese público, modificacións no mesmo, sen prexuízo dos supostos previstos na LCSP respecto á sucesión na persoa do contratista, cesión do contrato, revisión de prezos e ampliación do prazo de execución. Os contratos administrativos só poderán ser modificados por razóns de interese público nos casos e na forma previstos



CONCELLO DE BECERREÁ

R. E. L. nº 01270060—C. I. F.: P-2700600-F
Praza do Concello s/n-27640-Becerreá (Lugo)

nos artigos 203 e seguintes da LCSP e de acordo co procedemento regulado no artigo 191 da LCSP, coas particularidades previstas no artigo 207 da LCSP.

Neste contrato de servizos de atención ao público considéranse modificables os seguintes aspectos:

Aspectos modificables:

- Número total de horas de servizo

Circunstancias que determinan a modificación:

- Posible incremento na actividade programada por ampliación de horarios, ampliación de superficies, ampliación da capacidade dos centros, ampliación de usuarios.

Límite da modificación:

- Os incrementos poderán realizarse ata un máximo do 20% sobre o prezo do contrato.

De conformidade co disposto no artigo 309 da LCSP, nos casos en que a determinación do prezo se realice mediante unidades de execución, non terán a consideración de modificacións, quedando consignado así neste prego, a variación que durane a correcta execucion da prestación se produza exclusivamente no número de unidades realmente executadas sobre as previstas no contrato, as cales poderán ser recollidas na liquidación, sempre que non representen un incremento do gasto superior ao 10% do prezo do contrato.

CLÁUSULA 29ª. Suspensión do contrato.

O Concello poderá acordar por razóns de interese público a suspensión da execución do contrato. Igualmente procederá a suspensión do contrato se se dese a circunstancia sinalada no artigo 208 da LCSP.

Os efectos da suspensión do contrato rexeranse polo disposto no artigo 208 da LCSP, así como nos preceptos concordantes do RXLCAP.

CLÁUSULA 30ª. Cesión e subcontratación do contrato.

Con carácter xeral os dereitos e obrigas dimanantes do presente contrato poderán ser cedidos polo adxudicatario a un terceiro sempre que as cualidades técnicas ou persoais do cedente non fora razón determinante da adxudicación do contrato, se cumpran os supostos do artigo 214.2 LCSP, e da cesión non resulte unha restrición efectiva da competencia no mercado. Sen prexuízo do establecido no apartado 2, letra b) do 214 da LCSP, non poderá autorizarse a cesión a un terceiro cando ésta supoña unha alteración sustancial das características do contratista si éstas constitúen un elemento esencial do contrato.

A cesión do presente contrato realizarase nos termos do artigo 214 da LCSP, e, en todo caso, deberán respectarse os seguintes requisitos:





CONCELLO DE BECERREÁ

R. E. L. nº 01270060—C. I. F.: P-2700600-F
Praza do Concello s/n-27640-Becerreá (Lugo)

- a) Que o órgano de contratación autorice, de forma previa e expresa, a cesión. Dita autorización outorgarase sempre que se dean os requisitos previstos nas letras seguintes. O prazo para a notificación da resolución sobre a solicitude de autorización será de dous meses, transcorrido o cal deberá entenderse outorgada por silencio administrativo.
- b) Que o cedente teña executado polo menos un 20 por 100 do importe do contrato ou, que efectuase a súa explotación durante polo menos unha quinta parte do prazo de duración do contrato. Non será de aplicación este requisito se a cesión prodúcese atopándose o contratista en concurso aínda que se abra a fase de liquidación, ou puxera en coñecemento do xulgado competente para a declaración do concurso que iniciou negociacións para alcanzar un acordo de refinanciamento, ou para obter adhesións a unha proposta anticipada de convenio, nos termos previstos na lexislación concursal.
- c) Que o cesionario teña capacidade para contratar coa Administración e a solvencia que resulte esixible en función da fase de execución do contrato, debendo estar debidamente clasificado se tal requisito foi esixido ao cedente, e non estar incurso nunha causa de prohibición de contratar.
- d) Que a cesión se formalice, entre o adxudicatario e o cesionario, en escritura pública.

O cesionario quedará subrogado en todos os dereitos e obrigacións que corresponderían ao cedente.

A subcontratación: procede no presente contrato.

O contratista se así se establece no presente prego poderá concertar con terceiros a realización parcial do mesmo, salvo que conforme ao establecido nas letras d) e e) do apartado 2º do artigo 215 da LCSP, a prestación au parte das mesma haxa de ser executada directamete polo contratista.

A subcontratación rexerase polo disposto no artigo 215 da LCSP, e, en todo caso, suxeitarase ás seguintes condicións:

Os licitadores deberán indicar na oferta a parte do contrato que teñan previsto subcontratar, sinalando o seu importe, e o nome ou o perfil empresarial, definido por referencia ás condicións de solvencia profesional ou técnica, dos subcontratistas aos que se vaia a encomendar a súa realización.

En todo caso, o contratista deberá comunicar por escrito, tras a adxudicación do contrato e, como moi tarde, cando inicie a execución de este, ao órgano de contratación a intención de celebrar os subcontratos, sinalando a parte da prestación que se pretende subcontratar e a identidade, datos de contacto e representante ou representantes legais do subcontratista, e xustificando suficientemente a aptitude deste para executala por referencia aos elementos técnicos e humanos de que dispón e a súa experiencia, e acreditando que o mesmo non se atopa incurso en prohibición de contratar de acordo co artigo 71 da LCSP 2017.

O contratista principal deberá notificar por escrito ao órgano de contratación calquera modificación que sufra esta información durante a execución do contrato principal, e toda a información necesaria sobre os novos subcontratistas.



No caso que o subcontratista tivese a clasificación adecuada para realizar a parte do contrato obxecto da subcontratación, a comunicación desta circunstancia será suficiente para acreditar a aptitude do mesmo.

A acreditación da aptitude do subcontratista poderá realizarse inmediatamente despois da celebración do subcontrato se esta é necesaria para atender a unha situación de emerxencia ou que esixa a adopción de medidas urxentes e así se xustifica suficientemente.

O licitador deberá comunicar na súa oferta as circunstancias referidas á posible parte do contrato que pretenden subcontratar, de forma que os subcontratos que non se axusten ao indicado na oferta, por celebrarse con empresarios distintos dos indicados nominativamente na mesma ou por referirse a partes da prestación diferentes ás sinaladas nela, non poderán celebrarse ata que transcorran vinte días desde que se cursou a notificación e achegado as xustificacións a que se refire o artigo 215 LCSP, salvo que con anterioridade fosen autorizados expresamente, sempre que a Administración non notificase dentro deste prazo a súa oposición aos mesmos. Este réxime será igualmente aplicable se os subcontratistas fosen identificados na oferta mediante a descrición do seu perfil profesional.

Baixo a responsabilidade do contratista, os subcontratos poderán concluírse sen necesidade de deixar transcorrer o prazo de vinte días se a súa celebración é necesaria para atender a unha situación de emerxencia ou que esixa a adopción de medidas urxentes e así se xustifica suficientemente.

De conformidade co establecido no apartado 4 do artigo 75 da LCSP, no presente prego poderían establecerse tarefas respecto das que en ningún caso procede a subcontratación.

A infracción das condicións establecidas no apartado anterior para proceder á subcontratación, así como a falta de acreditación da aptitude do subcontratista ou das circunstancias determinantes da situación de emerxencia ou das que fan urxente a subcontratación, terá, entre outras previstas na LCSP, e en función da repercusión na execución do contrato, algunha das seguintes consecuencias:

- a) A imposición ao contratista das penalidades previstas na cláusula 32º.
- b) A resolución do contrato, a condición de que se cumpran os requisitos establecidos no segundo parágrafo da letra f) do apartado 1 do artigo 211 LCSP.

Os subcontratistas quedarán obrigados só ante o contratista principal que asumirá, por tanto, a total responsabilidade da execución do contrato fronte á Administración, con arranxo estrito aos pregos de cláusulas administrativas particulares ou documento descritivo, e aos termos do contrato, incluído o cumprimento das obrigas en materia ambiental, social ou laboral a que se refire o artigo 201 da LCSP.

O coñecemento que teña a Administración dos subcontratos celebrados en virtude das comunicacións a que se refiren o artigo 215 da LCSP, ou a autorización que outorgue no suposto previsto no artigo 215 da LCSP, non alterarán a responsabilidade exclusiva do contratista principal.



En ningún caso poderá concertarse polo contratista a execución parcial do contrato con persoas inhabilitadas para contratar de acordo co ordenamento xurídico ou comprendidas nalgún dos supostos do artigo 71.

O contratista deberá informar os representantes dos traballadores da subcontratación, de acordo coa lexislación laboral.

Sen prexuízo do establecido na Disposición Adicional 51 da LCSP, os subcontratistas non terán acción directa fronte á Administración contratante polas obrigas contraídas con eles polo contratista como consecuencia da execución do contrato principal e dos subcontratos. Igualmente no presente contrato non se prevén pagos directos aos subcontratistas.

CLÁUSULA 31ª. Dereitos e obrigas do contratista.

O contrato executarase con suxeición ás cláusulas do mesmo e de acordo coas instrucións que para a súa interpretación dese o Concello ao contratista.

Será obrigación do contratista indemnizar polos danos que se causen tanto á administración como a terceiros, como consecuencia das operacións que requira a execución dos servizos, salvo que tales prexuízos foran ocasionados como consecuencia inmediata e directa dunha orde da administración.

O contratista virá obrigado a cumprir coas condicións esenciais en relación coa execución do contrato que, de conformidade co artigo 202 da LCSP en relación coas condicións especiais de execución do contrato de carácter social, ético, medioambiental ou de outra orde, se establecese no presente prego.

Son de conta do contratista os gastos de formalización do contrato no suposto de elevación a escritura pública así como de cantas licenzas, autorizacións e permisos procedan en orde a executar correctamente os servizos.

Así mesmo, virá obrigado a satisfacer todos os gastos que a empresa deba realizar para o cumprimento do contrato, como son os xerais, financeiros, de seguros, transportes e desprazamentos, materiais, instalacións, honorarios do persoal ao seu cargo, de comprobación e ensaio, taxas e toda clase de tributos, o IVE, o imposto que pola realización da actividade puidese corresponder e calquera outros que puidesen derivarse da execución do contrato durante a vixencia do mesmo.

Tanto nas ofertas que formulen os licitadores como nas propostas de adxudicación, entenderanse comprendidos, para todos os efectos, os tributos de calquera índole que graven os diversos conceptos.

O contratista está obrigado ao cumprimento da normativa vixente en materia laboral, de seguridade social, de integración social de persoas con discapacidade e de prevención de riscos laborais, conforme ao disposto na Lei 31/1995, do 8 de novembro, sobre Prevención de Riscos Laborais e no Regulamento dos Servizos de Prevención aprobado por Real Decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, así como das que se promulguen durante a execución do contrato. Así mesmo, promoverá condicións de conciliación familiar e laboral e de igualdade de xénero.





CONCELLO DE BECERREÁ

R. E. L. nº 01270060—C. I. F.: P-2700600-F
Praza do Concello s/n-27640-Becerreá (Lugo)

En ningún caso a entidade contratante poderá instrumentar a contratación de persoal a través do contrato de servizos. Á extinción dos contratos de servizos, non poderá producirse en ningún caso a consolidación das persoas que realizasen os traballos obxecto do contrato como persoal da entidade contratante. A tal fin, os empregados ou responsables da Administración, deben absterse de realizar actos que impliquen o exercicio de facultades que, como parte da relación xurídico laboral, correspóndelle á empresa contratista.

Así mesmo, de conformidade co artigo 122.2 da LCSP, na súa redacción dada polo RD-lei 14/2019, o contratista está obrigado a respectar a normativa vixente en materia de protección de datos (LOPD/18 e RXPDP).

De conformidade co establecido no artigo 4 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información e bo goberno, o adxudicatario está obrigado a suministrar á Administración, previo requerimento, toda a información necesaria para o cumprimento das obrigas previstas na citada norma así como naquelas normas que se dicten no ámbito municipal.

31.1. Persoal do contratista.

O adxudicatario, baixo a supervisión do responsable do contrato, proporciona a súa propia dirección e xestión na execución, sendo responsable da organización do servizo, da calidade técnica dos traballos que desenvolve e das prestacións e servizos realizados, nos termos do artigo 311 da LCSP.

A empresa contratista disporá en todo momento do persoal necesario e adecuado para a execución do contrato. Particularmente, garantirá:

- A cobertura, en todo momento, do servizo contratado co persoal necesario para a súa realización que ofertase. En consecuencia, o contratista efectuará pola súa conta e inmediatamente as substitucións necesarias do persoal que teñan asignado ao servizo, por calquera causa que se produza, de forma que a execución do contrato quede sempre asegurada.
- A categoría, formación, experiencia e aptitude profesional do persoal que teña asignado ao contrato.

A empresa contratista disporá para a execución do contrato de estrutura xerarquizada propia, cun responsable que se encargará de impartir aos seus traballadores as correspondentes ordes, criterios de realización do traballo, así como as directrices relativas á súa distribución.

Corresponde, así mesmo, á entidade contratista a vixilancia do horario de traballo dos traballadores, as posibles licenzas horarias ou permisos ou calquera outra manifestación das facultades de empregador.

Atendida a natureza dos servizos, deberán ser prestados nas instalacións e dependencias municipais sinaladas no prego de prescricións técnicas.

En ningún caso o outorgamento do contrato suporá a existencia dunha relación funcional ou laboral entre a administración e o contratista.





CONCELLO DE BECERREÁ

R.E.L. nº 01270060—C.I.F.: P-2700600-F
Praza do Concello s/n-27640-Becerreá (Lugo)

Non existirá vinculación laboral algunha entre o persoal que se destine á execución do contrato e o Concello de Becerreá, por canto aquél queda expresamente sometido ao poder direccional e de organización da empresa adxudicataria en todo o ámbito e orde legalmente establecido e sendo, por tanto, ésta a única responsable e obrigada ao cumprimento de cantas disposicións legais resulten aplicables ao caso, en especial en materia de contratación, Seguridade Social, prevención de riscos laborais e tributaria, por canto dito persoal en ningún caso terá vinculación xurídico laboral co Concello de Becerreá, e elo con independencia das facultades de control e inspección que legal e/ou contractualmente correspondan ao mesmo.

No momento de extinción do contrato non poderá producirse en ningún caso a consolidación das persoas que realizasen os traballos obxecto do contrato como persoal do Concello de Becerreá.

O persoal preciso para a execución do contrato dependerá exclusivamente da entidade adxudicataria, a cal terá os dereitos e deberes inherentes a súa condición de empregador respecto deste, e o Concello é de todo alleo ás referidas relacións. Por conseguinte, en ningún caso poderá ser alegado ningún dereito polo referido persoal en relación coa administración contratante nin esixirse a estas responsabilidades de calquera clase, como consecuencia das obrigas existentes entre o adxudicatario e os seus empregados, aínda no suposto de que os despedimentos ou medidas que o empresario adopte se baseen no incumprimento, interpretación ou resolución do contrato.

A empresa adxudicataria comprométese a retribuír adecuadamente ao persoal destinado ao servizo, asumindo de forma directa e non trasladable á administración contratante o custo de calquera mellora nas condicións de traballo e/o nas súas retribucións, xa sexa como consecuencia de modificacións lexislativas, convenios colectivos, pactos ou acordos de calquera índole, de maneira que en ningún caso, poderá repercutir as referidas modificacións sobre o importe que se facturará polo servizo.

No caso de accidente ou prexuízo de calquera índole ocorrido aos traballadores con ocasión do exercicio dos seus labores, o adxudicatario cumprirá o disposto nas normas vixentes, baixo a súa responsabilidade, sen que estas alcancen de ningún modo á administración contratante.

O contratista deberá respetar as condicións laborais previstas nos Convenios Colectivos sectoriais que lles sexan de aplicación. Igualmente, se compromete a acreditar o cumprimento da referida obriga ante o órgano de contratación, si é requerido para elo, en calquera momento durante a vixencia do contrato.

Cando unha norma legal, un convenio colectivo ou un 37aborá de negociación colectiva de eficacia xeral, imponha ao adxudicatario a obriga de subrogarse como empregador en determinadas relación 37aboráis, se facilitará aos licitadores a información sobre as condicións dos contratos dos traballadores aos que afecte a subrogación, que resulte necesaria para permitir unha exacta avaliación dos custos 37aboráis que implicará tal medida, información que se facilita en cumprimento do previsto no artigo 130 da LCSP.



CONCELLO DE BECERREÁ

R. E. L. nº 01270060—C. I. F.: P-2700600-F
Praza do Concello s/n-27640-Becerreá (Lugo)

A empresa que resulte adxudicataria do presente contrato e que teña a condición de empregadora dos traballadores afectados, estará obrigada a proporcionar a información anteriormente referida.

Como parte da información en todo caso se deberán aportar os listados do persoal obxecto de subrogación, indicándose: o convenio colectivo de aplicación e os detalles de categoría, tipo de contrato, xornada, data de antigüidade, vencimeinto do contrato, salario bruto anual de cada traballador, así como todos os pactos en vigor aplicables aos traballadores aos que afecte a subrogación.

En todo caso o contratista deberá responder dos salarios impagados aos traballadores afectados pola subrogación así como das cotizacións á Seguridade Social devengadas, aínda no suposto de que se resolva o contrato e aqueles sexan subrogados polo novo contratista, sin que, en ningún caso, dita obriga corresponda a este último. Neste suposto unha vez acreditada a falla de pago dos citados salarios, a Administración procederá á retención das cantidades debidas ao contratista para garantir o pago dos devanditos salarios e a non devolución da garantía definitiva, en tanto non se acredite o aboamento destes.

31.2. Seguros

Esíxese que a empresa teña suscrito un seguro de responsabilidade civil por riscos profesionais e deberá responder dos posibles danos que se causen ao Concello ou a terceiros como consecuencia da defectuosa execución do contrato.

Deberá acreditar este extremo con carácter previo á adxudicación do contrato.

O contratista deberá formalizar os seguros de accidentes para o persoal previstos no Convenio Colectivo de aplicación en todos os seus termos alí fixados.

3.3. Na execución do contrato o contratista ten a obriga de cumprir as normas aplicables en materia medioambiental establecidas no dereito da Unión Europea e no nacional.

CLÁUSULA 32º.- Penalidades por incumprimento de obrigas contractuais.

O contratista está obrigado ao cumprimento do contrato con estrita suxeición ao establecido nos pregos de cláusulas que o regulan, o consignado na súa proposición e as ordes que lle curse o Responsable do contrato e a Alcaldía, para unha mellor realización dos traballos.

De conformidade co artigo 192 LCSP, os pregos ou o documento descritivo poderán prever penalidades para o caso de cumprimento defectuoso da prestación obxecto do mesmo ou para o suposto de incumprimento dos compromisos ou das condicións especiais de execución do contrato que se estableceron conforme ao apartado 2 do artigo 76 e ao apartado 1 do artigo 202. Estas penalidades deberán ser proporcionais á gravidade do incumprimento e as contías de cada unha delas non poderán ser superiores ao 10 por cento do prezo do contrato, IVE excluído, nin o total das mesmas superar o 50 por cen do prezo do contrato. Ao amparo deste artigo establécense as seguintes penalidades:





CONCELLO DE BECERREÁ

R. E. L. nº 01270060—C. I. F.: P-2700600-F
Praza do Concello s/n-27640-Becerreá (Lugo)

a) Terán a consideración de infraccións **leves** aquelas que, pese ao incumprimento das cláusulas contractuais, non supoñan un prexuízo de gran entidade, conlevarán unha penalidade 600 € e tipifícanse como tales as seguintes:

- As que impliquen negligencia na prestación do servizo e non supoñan unha alteración grave no seu funcionamento.
- A omisión do deber de comunicar as incidencias ou anomalías non imputables ao contratista e que sexan detectados.
- Calquera incumprimento das obrigacións contractuais non previsto como falta grave ou moi grave.
- Atraso ou descoído excusable no cumprimento das súas obrigacións na execución das tarefas obxecto do contrato.
- O trato levemente incorrecto dos profesionais da entidade prestadora coas persoas usuarias ou o persoal municipal.
- A falta de puntualidade por motivo excusable.
- A substitución excesiva e inxustificable do persoal.
- A presenza pouco coidada do persoal.
- A falta de identificación e uniformidade do persoal.

b) Terán a consideración de infraccións **graves** e conlevarán unha penalidade de 1.500 € as seguintes:

- O abandono de servizo e a reiteración na comisión de tres faltas leves no termo de dous meses.
- A desobediencia ás ordes dos responsables municipais competentes para a vixilancia do contrato.
- As accións ou omisións que alteren a regularidade na prestación do servizo.
- A carencia de elementos de seguridade de calquera tipo necesarios para a prestación do servizo.
- A carencia de sinalización ou dispositivos de protección complementarios que poida supoñer un perigo de accidente.
- A deficiente realización dos labores de mantemento, conservación ou xestión. En particular as que supoñan un deficiente mantemento dos bens dispostos polo Concello para a xestión do servizo.
- O trato irrespetuoso ao público, persoal municipal ou axentes da autoridade, así como calquera acción do persoal que supoña un desprestixio do servizo.
- Non acudir ás reunións de seguimento do contrato cando sexa convocado.
- A execución incorrecta das tarefas debido ao desinterese, ineptitude ou calquera outra causa que signifique comportamento deficiente por parte do persoal prestador do servizo.
- A omisión do deber de comunicar situacións que prexudican o bo desenvolvemento do servizo, tanto no que se refire ás usuarias, como ao persoal e aos medios utilizados.
- Non presentar os rexistros documentais previstos neste prego.
- Falsificación de datos.
- Incumprimento das obrigacións derivadas do contrato que afecten, moderadamente, ás atencións directas aos usuarios.
- Non respectar os dereitos do usuario.
- Obtención e utilización de información por parte de calquera dos membros da entidade prestadora sen fins profesionais.





CONCELLO DE BECERREÁ

R. E. L. nº 01270060—C. I. F.: P-2700600-F
Praza do Concello s/n-27640-Becerreá (Lugo)

- O incumprimento de acordos ou decisións sobre variacións de detalle nos servizos a prestar.
- A non contratación das pólizas de seguros que garanta en cuantía suficiente as responsabilidades que incumben ao contratista e ás que se refire este prego.
- Terán a consideración de infraccións **moi graves** e darán lugar á resolución do contrato, salvo que se considere que a actuación é illada e susceptible de recondución, e que a resolución do contrato non resulta convinte para o interese do servizo en cuestión, nese caso substituirase pola penalización 3.000 €, todas as que supoñan un incumprimento das condicións do contrato ou unha deficiente xestión do servizo, ademais das seguintes:
 - A utilización das instalacións, elementos ou maquinaria adscritos ao servizo para fins distintos dos previstos no contrato.
 - Obstaculizar a inspección ou fiscalización do persoal municipal.
 - Incumprir as normas laborais ou convenio colectivo do persoal para empregar.
 - Ceder o contrato sen a debida autorización municipal.
 - Incumprir obrigas salariais ou de seguridade social respecto a os traballadores para empregar.
 - Reiterar a comisión de dúas infraccións graves.
 - Incumprimento das condicións do contrato imprescindibles para o bo funcionamento do servizo e en particular as demoras en máis dun 50% dos tempos máximos ou horarios establecidos en calquera dos apartados dos pregos administrativos ou técnicos.
 - Ofensas verbais, trato vexatorio ou malos tratos físicos, dispensando ás persoas beneficiarias do servizo.
 - Notoria e reiterada falta de rendemento.
 - Prestación incorrecta ou defectuosa do servizo, tanto en calidade como en cantidade, cando fose previamente sancionada como falta grave.
 - Calquera conduta constitutiva de delito.
 - Negativa infundada a realizar servizos ou tarefas adecuados ás necesidades dos usuarios, indicados polo Concello de Becerreá.
 - Acumulación ou reiteración de tres faltas graves ao longo de 12 meses.
 - A cobranza ás persoas beneficiarias de cantidade algunha.
 - A comisión de dúas ou máis faltas graves no termo de 2 meses.
 - Obtención e utilización de información por parte de calquera dos membros da entidade prestadora, para fins non lícitos, que pola súa importancia mereza a valoración de moi grave.
 - As infraccións previstas no ordenamento xurídico como determinantes da resolución do contrato administrativo por causa imputable ao contratista.
 - Por incumprimento dos criterios de adxudicación.
 - Por incumprimento das obrigas de adscrición de medios.
 - Por incumprimento das condicións especiais de execución do contrato.
 - Por incumprimento das obrigas en materia de subcontratación.
 - Por incumprimento das obrigas de facilitar a información á que se refire o artigo 130 da LCSP.
- En xeral, accións ou omisións que supoñan infracción ou incumprimento do servizo e das características do mesmo, que se o poñan manifesta e notoriamente neste prego.

O importe das penalidades descontarase dos abonos para efectuar ao contratista ou de ser o caso por finalización do prazo contractual, faranse efectivas contra a fianza definitiva, que se complementará na forma prevista no LCSP.



O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo, así como, dos prazos parciais fixados para a súa execución sucesiva. A constitución en amora do contratista non precisará intimación previa por parte da Administración.

Cando a Corporación opte pola non resolución do contrato no suposto de demora na execución tanto por incumprimento dos prazos parciais como total, impondérselle ao contratista as penalizacións que figuran no artigo 193 LCSP (penalidades diarias na proporción de 0,60 euros por cada 1.000 euros do prezo de contrato IVE/IVE excluído).

CLÁUSULA 33ª.- Garantía do servizo prestado e prazo de garantía

O contratista será responsable da calidade técnica dos traballos que leve a cabo e das prestacións e servizos realizados, así como das consecuencias que se deduzan para a administración ou para terceiros das omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas na execución do contrato.

En atención á natureza e características da prestación non procede o establecemento dun prazo de garantía, tendo en conta que a correcta realización das prestacións é constatada, demostrada e conformada no mesmo momento de execución. Os contratos de mera actividade ou de medios extingúense polo cumprimento do prazo inicialmente previsto ou as prórrogas acordadas, de acordo co artigo 311.6 da LCSP, sen prexuízo da prerrogativa a administración de depurar a responsabilidade do contratista por calquera eventual incumprimento detectado con posterioridade.

CLÁUSULA 34ª. Resolución do contrato

Son causas de resolución do contrato as recollidas no artigo 211 da LCSP, así como as seguintes (art. 313.1 da LCSP):

- a) O desestímulo antes de iniciar a prestación do servizo ou a suspensión por causa imputable ao órgano de contratación da iniciación do contrato por prazo superior a catro meses a partir da data sinalada no mesmo para o seu comezo, salvo que no prego sinálese outro menor.
- b) O desestímulo unha vez iniciada a prestación do servizo ou a suspensión do contrato por prazo superior a oito meses acordada polo órgano de contratación, salvo que no prego se sinale outro menor.
- c) O incumprimento das limitacións establecidas en materia de subcontratación, sen prexuízo das penalidades que no seu caso se pudesan impor.

A resolución do contrato dará dereito ao contratista, en todo caso, a percibir o prezo dos estudos, informes, proxectos, traballos ou servizos que efectivamente realizase con arranxo ao contrato e que fosen recibidos pola Administración.

Nos supostos de resolución previstos nas letras a) e c) do apartado primeiro do artigo 313 da LCSP, o contratista só terá dereito a percibir, por todos os conceptos, unha indemnización do 3 por cento do prezo de adxudicación do contrato, IVE excluído.

Nos supostos de resolución contemplados na letra b) do apartado 1 do artigo 313 LCSP, o contratista terá dereito a percibir, por todos os conceptos, o 6 por cento do prezo de adxudicación do contrato dos servizos deixados de prestar en concepto de beneficio

industrial, IVE excluído, entendéndose por servizos deixados de prestar os que resulten da diferenza entre os reflectidos no contrato primitivo e as súas modificacións aprobadas, e os que ata a data de notificación do desestimento ou da suspensión se prestaron.

De conformidade co artigo 211.2 da LCSP, nos casos en que concurran diversas causas de resolución do contrato con diferentes efectos en canto ás consecuencias económicas da extinción, deberá atenderse á que aparecerá con prioridade no tempo.

Cando o contrato se resolva por incumprimento culpable do contratista, lle será incautada a garantía e deberá, ademáis, indemnizar á Administración os danos e prexuízos ocasionados no que excedan do importe da garantía incautada. A determinación dos danos e prexuízos que deba indemnizar o contratista se levará a cabo polo órgano de contratación en decisión motivada previa audiencia do mesmo, atendendo, entre outros factores ao retraso que impriquen para a inversión proxectada e aos maiores gasto que ocasione á Administración.

Para a apliación das causas de resolución se estará ao disposto no artigo 212 LCSP e para os seus efectos ao dispostos nos artigos 213 e 313 da LCSP, así como no seu caso, ao disposto no desenvolvemento regulamentario.

CLÁUSULA 35ª. Recursos e xurisdición.

Conforme ao establecido no artigo 44.2 da LCSP, serán susceptibles de recurso especial en materia de contratación previo á interposición do contencioso-administrativo as seguintes actuacións:

- a) Os anuncios de licitación, os pregos e os documentos contractuais que establezan as condicións que deban rexer a licitación.
- b) Os actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación, sempre que estes decidan directa ou indirectamente sobre a adxudicación, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos. En todo caso considerarase que concorren as circunstancias anteriores nos actos da mesa ou do órgano de contratación polos que se acorde a admisión ou inadmisión de persoas candidatas ou licitadoras, ou a admisión ou exclusión de ofertas, incluídas as ofertas que sexan excluídas por resultar anormalmente baixas como consecuencia da aplicación do artigo 149 da LCSP.
- c) Os acordos de adxudicación.
- d) As modificacións baseadas no incumprimento do establecido nos artigos 204 e 205 da LCSP, por entender que a modificación debeu ser obxecto dunha nova adxudicación

O procedemento de recurso iniciárase mediante escrito que deberá presentarse no prazo de quince días hábiles, computados nas formas previstas no artigo 50 da LCSP. Contra as actuacións susceptibles de ser impugnadas mediante o recurso especial non procederá a interposición de recursos administrativos ordinarios.

A interposición do recurso especial en materia de contratación terá carácter potestativo, será gratuíto para os recorrentes e a súa tramitación axustarase ao disposto nos artigos 44 a 59 da LCSP.



Contra a resolución do recurso só caberá a interposición de recurso contencioso-administrativo conforme ao disposto no artigo 10, letras k) e l) do apartado 1 e no artigo 11, letra f) do seu apartado 1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Los actos que se dicten en los procedimientos de adjudicación de contratos de las Administraciones Públicas que no reúnan los requisitos del apartado 1 del artículo 44 de la LCSP podrán ser objeto de recursos de conformidad con lo dispuesto en la Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, así como na Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

CLÁUSULA 36ª. Tratamento dos datos de carácter persoal

Por tratamento de datos de carácter persoal entenderase calquera operación ou conxunto de operacións realizadas sobre datos persoais ou conxuntos de datos persoais, xa sexa por procedementos automatizados ou non, como a recollida, rexistro, organización, estruturación, conservación, adaptación ou modificación, extracción, consulta, utilización, comunicación por transmisión, difusión ou calquera outra forma de habilitación de acceso, cotexo ou interconexión, limitación, supresión ou destrución que afecten a calquera información concernente a persoas físicas identificadas ou identificables.

36.1. Información sobre o tratamento:

O Concello de Becerreá é o Responsable do tratamento dos datos persoais proporcionados para a xestión da licitación e infórmalle que estes datos serán tratados de conformidade co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 de 27 de abril (RXPd) e na Lei Orgánica 3/2018 de 5 de decembro (LOPDGDD), coa finalidade de xestión do proceso de licitación e a posterior execución do contrato, no exercicio das competencias asumidas por este Concello e manter a relación co administrado.

Os datos poderán ser comunicados a outras administracións públicas competentes na materia obxecto de licitación ou no control e fiscalización da actividade do Concello.

Os datos serán conservados durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se recollen e para determinar as posibles responsabilidades que se puideran derivar de dicha finalidade e do tratamento dos datos. Será de aplicación o disposto na normativa sobre arquivos y patrimonio documental.

O interesado pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, portabilidade e supresión dos seus datos e os de limitación e oposición ao seu tratamento dirixíndose a CONCELLO DE BECERREÁ. Praza do Concello s/n 27640 Becerreá Lugo, así como, no seu caso, reclamar ante ó Delegado de Protección de Datos designado polo Concello na Deputación Provincial de Lugo, email:dpdcooperacionconcellos@deputacionlugo.org, ou ante a Axencia Española de Protección de Datos

36.2. Normas como encargado do tratamento:





CONCELLO DE BECERREÁ

R. E. L. nº 01270060—C. I. F.: P-2700600-F
Praza do Concello s/n-27640-Becerreá (Lugo)

No caso de que o contrato implique tratamento de datos de carácter persoal ou o acceso da empresa contratista ou subcontratista a datos dese carácter, estarase ao disposto na Disposición adicional vixésimo quinta da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, en relación coa Disposición Derrogatoria Única da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

O acceso por parte do contratista aos datos persoais que resulten necesarios para a prestación do servizo ao responsable non se considerará comunicación de datos sempre que se cumpra o establecido no Regulamento (UE) 2016/679, na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, e nas súas normas de desenvolvemento. Deberán seguirse as seguintes regras:

1. O contratista deberá ofrecer garantías suficientes para aplicar medidas técnicas e organizativas apropiadas, de maneira que o tratamento de datos de carácter persoal sexa conforme cos requisitos do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos ou RGPD), e garanta a protección dos dereitos do interesado. En particular, o contratista deberá ofrecer garantías suficientes para aplicar as medidas que, de acordo co Esquema Nacional de Seguridade, deban implantarse en caso de tratamento de datos persoais para evitar a súa perda, alteración ou acceso non autorizado, adaptando os criterios de determinación do risco no tratamento dos datos ao establecido no artigo 32 do Regulamento (UE) 2016/679.

2. O contratista encargado do tratamento non recorrerá a outro encargado sen a autorización previa por escrito, específica ou xeral, do responsable. Neste último caso, o encargado informará o responsable de calquera cambio previsto na incorporación ou substitución doutros encargados, dando así ao responsable a oportunidade de opoñerse aos devanditos cambios.

3. O tratamento polo contratista rexeráse por un contrato que vincule ao encargado respecto do responsable de conformidade co establecido no art. 28 do Regulamento (UE) 2016/679 que estableza o obxecto, a duración, a natureza e a finalidade do tratamento, o tipo de datos persoais e categorías de interesados, e as obrigas e dereitos do responsable.

O devandito contrato, que constará por escrito, inclusive en formato electrónico, estipulará, en particular, que o encargado:

- a) tratará os datos persoais unicamente seguindo instrucións documentadas do responsable, inclusive con respecto ás transferencias de datos persoais a un terceiro país ou unha organización internacional, salvo que estea obrigado a iso en virtude do Dereito da Unión ou dos Estados membros que se aplique ao encargado; en tal caso, o encargado informará o responsable desa esixencia legal previa ao tratamento, salvo que tal Dereito prohiba por razóns importantes de interese público;
- b) garantirá que as persoas autorizadas para tratar datos persoais comprometéronse a respectar a confidencialidade ou estean suxeitas a unha obrigación de confidencialidade de natureza estatutaria;





CONCELLO DE BECERREÁ

R. E. L. nº 01270060—C. I. F.: P-2700600-F
Praza do Concello s/n-27640-Becerreá (Lugo)

- c) tomará todas as medidas necesarias de conformidade co artigo 32 do Regulamento (UE) 2016/679.
- d) asistirá ao responsable, tendo conta a natureza do tratamento, a través de medidas técnicas e organizativas apropiadas, sempre que sexa posible, para que este poida cumprir coa súa obrigaón de responder as solicitudes que teñan por obxecto o exercicio dos dereitos dos interesados establecidos na normativa vixente.
- e) axudará ao responsable para garantir o cumprimento das obrigaóns establecidas nos artigos 32 a 36 do Regulamento (UE) 2016/679, tendo en conta a natureza do tratamento e a información ao dispor do encargado;
- f) a elección do responsable, suprimirá ou devolverá todos os datos persoais unha vez finalice a prestación dos servizos de tratamento, e suprimirá as copias existentes a menos que se requira a conservación dos datos persoais en virtude da lexislación vixente.
- g) poñerá ao dispor do responsable toda a información necesaria para demostrar o cumprimento das obrigaóns establecidas no presente apartado, así como para permitir e contribuír á realización de auditorías, incluídas inspeccións, por parte do responsable ou doutro auditor autorizado por devandito responsable.

No caso de que o contratista encargado do tratamento recorra a un terceiro encargado para levar a cabo determinadas actividades de tratamento por conta do responsable, imponse a este outro encargado, mediante contrato, as mesmas obrigas de protección de datos que as estipuladas no contrato entre o responsable e o contratista, en particular a prestación de garantías suficientes de aplicación de medidas técnicas e organizativas apropiadas de maneira que o tratamento sexa conforme coas disposicións do Regulamento (UE) 2016/679. Se esoutro encargado incumpre as súas obrigas de protección de datos, o encargado inicial seguirá sendo plenamente responsable ante o responsable do tratamento polo que respecta ao cumprimento das obrigaóns do outro encargado.

O contratista encargado do tratamento ou, no seu caso, os seus representantes, deberá manter o rexistro de actividades de tratamento ao que se refire o artigo 30 do Regulamento (UE) 2016/679, salvo que sexa de aplicación a excepción prevista no seu apartado 5.

CLÁUSULA 37ª. Anexos

ANEXO I

MODELO DE COMPROMISO PARA A INTEGRACIÓN DA SOLVENCIA CON MEDIOS EXTERNOS.

ANEXO II

MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE RELATIVA A ACHARSE AO CORRENTE DO CUMPRIMENTO DA OBRIGA DE CONTAR CUN DOUS POR CENTO DE TRABALLADORES CON DISCAPACIDADE OU ADOPTAR AS MEDIDAS ALTERNATIVAS CORRESPONDENTES E AO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS ESTABLECIDAS NA NORMATIVA VIXENTE EN MATERIA LABORAL, SOCIAL E DE IGUALDADE EFECTIVA ENTRE MUJERES E HOMES.

ANEXO III





CONCELLO DE BECERREÁ

R. E. L. nº 01270060—C. I. F.: P-2700600-F
Praza do Concello s/n-27640-Becerreá (Lugo)

INFORMACIÓN SOBRE AS CONDICIÓN DO CONTRATO DOS TRABALLADORES AOS QUE AFECTE A SUBROGACIÓN.

ANEXO IV

DECLARACIÓN DE COMPROMISO DE CONSTITUCIÓN EN UNIÓN TEMPORAL

ANEXO V

MODELO DE DECLARACION RESPONSABLE RELATIVA AO COMPROMISO DE aspi DE MEDIOS PERSONAIS E MATERIAIS SUFICIENTES

ANEXO VI

MODELO DE DECLARACION RESPONSABLE RELATIVA A EMPRESAS PERTENCENTES AO MESMO GRUPO.

ANEXO VII

PROPOSICIÓN ECONÓMICA

ANEXO VIII

DEBER DE INFORMACIÓN PREVISTO NO ARTIGO 129 DA LCSP.

En Becerreá.

O Alcalde-Presidente.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE NA MARXE.



CONCELLO DE BECERREÁ

R. E. L. nº 01270060—C. I. F.: P-2700600-F
Praza do Concello s/n-27640-Becerreá (Lugo)

ANEXO I.- MODELO DE COMPROMISO PARA A INTEGRACIÓN DA SOLVENCIA CON MEDIOS EXTERNOS.

D./Dna con DNI
número.....en nome e representación da entidade
....., con N.I.F. ao obxecto de
participar na contratación
denominada.....
convocada por

E

D./Dna con DNI
número.....en nome e representación da entidade
....., con N.I.F.

Comprométense, de conformidade co disposto no artigo 75 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a:

- Que a solvencia ou medios que pon á disposición a entidade..... a favor da entidade.....son os seguintes :

-
-

-Que durante toda a execución do contrato disporán efectivamente da solvencia ou medios que se describen neste compromiso.

- Que a disposición efectiva da solvencia ou medios descritos non está sometida a condición ou limitación algunha.

Data

Firma do licitador.

Firma da outra entidade.

Información sobre protección de datos	
Responsable	Concello de BECERREA
Finalidade	Xestión da licitación e contratación. Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público
Dereitos do interesado	Acceso, rectificación, portabilidade e supresión dos seus datos e os de limitación e oposición ao seu tratamento dirixíndose ó Concello de BECERREA, segundo se recollen nos pregos da convocatoria publicados no perfil de contratante.

DIRIXIDO AO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN CORRESPONDENTE





CONCELLO DE BECERREÁ

R. E. L. nº 01270060—C. I. F.: P-2700600-F
Praza do Concello s/n-27640-Becerreá (Lugo)

ANEXO II.- MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE RELATIVA A ACHARSE AO CORRENTE DO CUMPRIMENTO DA OBRIGA DE CONTAR CUN DOUS POR CENTO DE TRABALLADORES CON DISCAPACIDADE OU ADOPTAR AS MEDIDAS ALTERNATIVAS CORRESPONDENTES E AO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS ESTABLECIDAS NA NORMATIVA VIXENTE EN MATERIA LABORAL, SOCIAL E DE IGUALDADE EFECTIVA ENTRE MUJERES E HOMES.

D./Dna , con DNI número.....
en nome e representación da Sociedade , con
N.I.F. ao obxecto de participar na contratación
denominada.....
convocada polo Concello de Becerreá:

DECLARA baixo a súa responsabilidade:

1º Que a empresa á que representa: (Marque unha das casillas que corresponda)

- É un Centro Especial de Emprego.
- Emprega a menos de 50 traballadores
- Emprega a 50 ou máis traballadores e (Marque a casilla que corresponda)
 - Cumpre coa obrigación de que entre eles, polo menos, o 2% sexan traballadores con discapacidade, establecida polo Real Decreto Lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.
 - Cumpre as medidas alternativas previstas no Real Decreto 364/2005, do 8 de abril, polo que se regula o cumprimento alternativo con carácter excepcional da cota de reserva a favor de traballadores con discapacidade.

2º Que a empresa á que representa, cumpre coas disposicións vixentes en materia laboral e social.

3º Que a empresa á que representa: (Marque unha das casillas)

- Cumpre co establecido no artigo 45 da Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, relativo á elaboración e aplicación dun plan de igualdade.
- En aplicación do apartado 5 do artigo 45 da Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, a empresa non está obrigada á elaboración e implantación do plan de igualdade.

Data e firma da entidade.

Información sobre protección de datos	
Responsable	Concello de BECERREA
Finalidade	Xestión da licitación e contratación. Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.





CONCELLO DE BECERREÁ

R. E. L. nº 01270060—C. I. F.: P-2700600-F
Praza do Concello s/n-27640-Becerreá (Lugo)

Dereitos do interesado	Acceso, rectificación, portabilidade e supresión dos seus datos e os de limitación e oposición ao seu tratamento dirixíndose ó Concello de BECERREÁ, segundo se recolle nos pregos da convocatoria publicados no perfil de contratante.
------------------------	---

DIRIXIDO AO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN CORRESPONDENTE



CONCELLO DE BECERREÁ

R. E. L. nº 01270060—C. I. F.: P-2700600-F
Praza do Concello s/n-27640-Becerreá (Lugo)

ANEXO III.- INFORMACIÓN SOBRE AS CONDICIÓN DOB CONTRATOS DOS TRABALLADORES AOS QUE AFECTE A SUBROGACIÓN AO OBOXECTO DE PERMITIR UNHA EXACTA AVALIACIÓN DOS CUSTOS LABORAIS. ESTA INFORMACIÓN FACILÍTASE EN CUMPRIMENTO DO PREVISTO NO ARTIGO 130 LCSP

Segundo resulta do CONVENIO COLECTIVO PROVINCIAL PARA O SECTOR DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E LOCAIS DE LUGO. B.O.P. de Lugo nº 246 do XOVES, 26 DE OUTUBRO DE 2023 de ámbito sectorial, infórmase sobre as condicións dos contratos dos traballadores aos que afecta a subrogación ao obxecto de permitir unha exacta avaliación dos custos laborais en cumprimento do previsto no artigo 130 da LCSP.

En data 09 de outubro de 2024 se comunica pola empresa o seguinte:

CENTRO DE TRABALLO	DATA ANTIGÜIDADE	VENCIMENTO DO CONTRATO	CATEGORIA	MODALIDADE CONTRATO	XORNADA LABORAL	PACTOS EN VIGOR APLICABLES AOS
CEIP SAN XOÁN DE BECERREÁ + TELECENTRO + SERVICIOS SOCIAIS	03/01/2022		LIMPIADORA	289	22 HORAS	
CEIP SAN XOÁN DE BECERREÁ	01/09/2016		LIMPIADORA	300	10 HORAS	
CEIP SAN XOÁN DE BECERREÁ	05/09/2023		LIMPIADORA	510	10 HORAS	



CONCELLO DE BECERREÁ

R. E. L. nº 01270060—C. I. F.: P-2700600-F
Praza do Concello s/n-27640-Becerreá (Lugo)

ANEXO IV.- DECLARACIÓN DE COMPROMISO DE CONSTITUCIÓN EN UNIÓN TEMPORAL

D^a./D., maior de idade e con NIF núm. , en nome propio ou en representación da empresacon domicilio social en, con eNIF nº, en calidade de (1)....., baixo a súa persoal responsabilidade.

D^a./D., maior de idade e con NIF núm. , en nome propio ou en representación da empresacon domicilio social en, con eNIF nº, en calidade de (1)....., baixo a súa persoal responsabilidade.

Comprométense a constituír unha unión temporal de empresas, de conformidade co establecido na Lei de Contratos do Sector Público, a efectos de participar na licitación para a contratación do expediente nº.....relativo aos servizos de Escola infantil Municipal de BECERREÁ.

No caso de resultar adjudicatarias comprométense a formalizar en escritura pública a citada unión. A participación na unión temporal de cada membro é a que segue:

XX%.
XX%.

Como persoa representante da citada unión noméase a(2)D^a./D., maior de idade e con NIF núm.

(Lugar, data, firma)

(FIRMA DE CADA MEMBRO DA UTE).

Información sobre protección de datos	
Responsable	Concello de BECERREÁ
Finalidade	Xestión da licitación e contratación. Lei 9 /2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público
Dereitos do interesado	Acceso, rectificación, portabilidade e supresión dos seus datos e os de limitación e oposición ao seu tratamento dirixíndose ó Concello de BECERREÁ dpc@cooperacionconcellos.deputacionlugo.org segundo os recollidos na convocatoria publicada no perfil de contratante.

(1) Apoderado/a, administrador/a único/a, administrador/a solidario/a, administrador/a mancomunado/a, etc.

(2) Indicar cargo e empresa.





CONCELLO DE BECERREÁ

R. E. L. nº 01270060—C. I. F.: P-2700600-F
Praza do Concello s/n-27640-Becerreá (Lugo)

ANEXO V.- MODELO DE DECLARACION RESPONSABLE RELATIVA AO COMPROMISO DE ADSCRIPCIÓN DE MEDIOS PERSONAIS E MATERIAIS SUFICIENTES

D/D^a....., con Documento Nacional de Identidad núm., e enderezo na Rúa....., nº....., código postal.....,actuando en nome propio ou en representación de, manifiesta que:

Enterado da convocatoria da licitación para a contratación de, aceptando íntegramente o contido do prego de condicións administrativas particulares para contratos de servizos mediante procedemento aberto:

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

Que, de conformidade co establecido no artigo 76.2 da LCSP, me comprometo a adscribir á execución o contrato os medios personais e/o materiais suficientes para elo e en concreto os esixidos no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

Este compromiso se integrará no contrato como requisito adicional de solvencia para a execución do mesmo, obriga que ten a consideración de obriga esencial.

E para que conste aos efectos oportunos na presente licitación pública, asina a correspondente declaración responsable.

Data e firma da entidade.

Información sobre protección de datos	
Responsable	Concello de BECERREÁ
Finalidade	Xestión da licitación e contratación. Lei9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
Dereitos do interesado	Acceso, rectificación, portabilidade e supresión dos seus datos e os de limitación e oposición ao seu tratamento dirixíndose ó Concello de BECERREÁ, segundo se recolle nos pregos da convocatoria publicados no perfil de contratante.

DIRIXIDO AO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN CORRESPONDENTE



CONCELLO DE BECERREÁ

R. E. L. nº 01270060—C. I. F.: P-2700600-F
Praza do Concello s/n-27640-Becerreá (Lugo)

ANEXO VI.- MODELO DE DECLARACION RESPONSABLE RELATIVA A EMPRESAS PERTENCENTES AO MESMO GRUPO.

D/D^a....., con Documento Nacional de Identidade núm., e enderezo na Rúa....., nº....., código postal.....,actuando en nome propio ou en representación de, manifiesta que:

Enterado da convocatoria da licitación para a contratación de, aceptando íntegramente o contido do prego de condicións administrativas particulares para contratos de servizos mediante procedemento aberto:

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

Que, de a empresa á que representa ten vinculación coas seguintes: (indicar denominación social e CIF da empresa)

- 1.-
- 2.-
- ...

E para que conste aos efectos oportunos na presente licitación pública, asina a correspondente declaración responsable.

Data e firma da entidade.

Información sobre protección de datos	
Responsable	Concello de BECERREÁ
Finalidade	Xestión da licitación e contratación. Lei9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
Dereitos do interesado	Acceso, rectificación, portabilidade e supresión dos seus datos e os de limitación e oposición ao seu tratamento dirixíndose ó Concello de BECERREÁ, segundo se recolle nos pregos da convocatoria publicados no perfil de contratante.

DIRIXIDO AO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN CORRESPONDENTE





CONCELLO DE BECERREÁ

R. E. L. nº 01270060—C. I. F.: P-2700600-F
Praza do Concello s/n-27640-Becerreá (Lugo)

ANEXO VII.- PROPOSICIÓN ECONÓMICA

Número de expediente:

Denominación do contrato:

Data da proposición:

DATOS DO EMPRESARIO

Nome:	Apelidos:	NIF:
Teléfono:	Fax:	Correoelectrónico:
Dirección a efectos de práctica de notificacións:	Provincia:	Código Postal:
Entidade mercantile á que representa (<i>en caso de actuar en representación</i>):		CIF
Cargo:		

MANIFESTA:

Que, decatado do expediente para a contratación do servizo de, por procedemento aberto, expte. nº, anunciado no Perfil de contratante, fago constar que coñezo o prego de prescricións técnicas particulares e o prego de cláusulas administrativas particulares que serven de base ao contrato e acepto o seu contido íntegra e incondicionalmente, tomando parte na licitación e comprometéndome a executar o obxecto do contrato polo importe deeuros (.....euros correspondendo ao IVE..... euros facendo un total deeuros), **polos DOUS (2) ANOS de duración inicial** do contrato correspondendo.....euros sendo o IVE..... euros facendo un total deeuros **anuais**.

Igualmente oferta a realización dunha bolsa de horas extraordinarias para a realización de limpeza polos motivos consignados no prego de cláusulas administrativas particulares dehoras ao ano (o máximo son 60 horas ao ano)

O devandito importe inclúe ademáis todos os tributos, taxas e canons de calquera índole que sexan de aplicación, así como todos os gastos contemplados no prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o contrato.



CONCELLO DE BECERREÁ

R. E. L. nº 01270060—C. I. F.: P-2700600-F
Praza do Concello s/n-27640-Becerreá (Lugo)

En

(Sinatura do candidato)

Información sobre protección de datos	
Responsable	Concello de BECERREA
Finalidade	Xestión da licitación e contratación. Lei 9 /2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público
Dereitos do interesado	Acceso, rectificación, portabilidade e supresión dos seus datos e os de limitación e oposición ao seu tratamento dirixíndose ó Concello de BECERREÁ dpdcooperacionconcellos@deputacionlugo.org segundo se recollen nos pregos da convocatoria publicados no perfil de contratante.



CONCELLO DE BECERREÁ

R. E. L. nº 01270060—C. I. F.: P-2700600-F
Praza do Concello s/n-27640-Becerreá (Lugo)

ANEXO VIII.- DEBER DE INFORMACIÓN PREVISTO NO ARTIGO 129 DA LCSP.

Os licitadores poderán obter información sobre as disposicións vixentes en materia de protección do emprego, condicións de traballo e prevención de riscos laborais, en:

- Ministerio de Empleo y Seguridad Social. Dirección General de Empleo
www.empleo.gob.es
C/ Pío Baroja nº 6 28009-Madrid
Telf: 913 631 801/2

- Consellería de Economía, Emprego e Industria (Área de Traballo) Secretaría Xeral de Emprego
San Lázaro, s/n
15781- Santiago de Compostela (A Coruña) Telf: 981 545 620

- Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral Edificio Igape – Issga
Complejo administrativo de San Lázaro 15703- Santiago de Compostela (A Coruña)
Telf: 981 544 625
Poderán obter asimismo información xeral sobre as obrigas xerais relativas a fiscalidade en:

- Administración Tributaria del Estado www.aeat.es
Información Tributaria
Telf: 901 335 533 / 915 548 770
Servicio automático: 901 121 224 / 915 357 326

- Axencia Tributaria de Galicia www.atriga.gal/es
R/ da Pastoriza, 8, 3º
15781- Santiago de Compostela (A Coruña) Telf: 981 544 189

-Deputación provincial de Lugo Rúa San Marcos
27001 Lugo
982260000
Podrán asimismo obter información xeral sobre as disposicións vixentes relativas á protección do medio ambiente en:

-Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio
San Lázaro, s/n15781-Santiago de Compostela (A Coruña)
Podrán asimismo obter información xeral sobre as disposicións vixentes relativas á igualdade de xénero en:

-Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad:
Instituto de la Mujer y para la Igualdad de Oportunidades. c/ Condesa de Venadito nº34
28027 –Madrid
Telf: 914 528 500

-Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza
Secretaría Xeral de Igualdade
San Lázaro, s/n
15781-Santiago de Compostela (A Coruña)





CONCELLO DE BECERREÁ

R. E. L. nº 01270060—C. I. F.: P-2700600-F
Praza do Concello s/n-27640-Becerreá (Lugo)

Podrán asimismo obtener información xeral sobre as disposicións vixentes relativas á inserción socio laboral das persoas con discapacidade, e á obrigación de contratar a un número ou porcentaxe específico de persoas con discapacidade en:

-Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad:
DG Políticas de Apoyo a la Discapacidad. C/ Alcalá nº37 E
28014 –Madrid
Telf: 915 961 000

- Servicio Público de Empleo Estatal. Servicios Centrales c/ Condesa de Venadito nº9.28027 –Madrid
Telf: 915 859 888 (Servicios Centrales) / 901 119 999 (Atención a las personas)
/ 901 010 121 (Atención a las empresas)